



# Cerne

## Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 9. 15 de agosto -15 de outubro de 2005. Distribución gratuíta.  
Tamén en Internet: [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

## Edición especial de vacacións

Noticias destacadas de 2005 + Novidades

### Aparecen restos antigos na Capela de San Roque

As pezas, de tipo arquitectónico e pictórico, atopáronse durante a realización dos traballos de rehabilitación. Tanto a Dirección Xeral de Patrimonio como os expertos melidenses sinalan que estas reliquias pertencen á antiga Igrexa de San Pedro. **Pax. 7**

### A Plataforma continúa traballando a prol do cambio de trazado

O colectivo veciñal conformado en 2003 co fin de que a futura autovía Santiago-Lugo se achegue a Melide vén de celebrar eleccións internas. José Antonio Rodríguez foi reelixido presidente. **Pax. 8**

### O Concello reconece unha nova débeda de 103.000 euros

*Liquidadas xa 799 das 805 facturas pendentes de pago que tiña o Concello de Melide da etapa de Miguel Pampín, o novo executivo reconece outras 55 facturas sen pagar, dos anos 2002, 2003 e 2004, por valor de 103.201 euros. **Pax. 5***



### A residencia de maiores vai estar lista este ano

A Consellería de Familia vai achegar unha partida de 250.000 euros para as obras desta instalación, pero unha das cláusulas sinala que deberá estar rematada antes do 31 de decembro. Serán 75 prazas para anciáns non válidos. **Pax. 6**

### Melide celebra as festas de San Roque

A Sinfónica de Melide abre sete días de festa na vila, nos que outras once orquestras encárganse de amenizar as verbenas nocturnas. Polo día, bandas de música e grupos de gaitas van ser a tónica habitual da semana. **Pax. 17**

### Especial risco de incendios en catro parroquias de Toques

Brañas, Paradela, Vilouriz e Vilamor. Estas catro parroquias quedaron incluídas entre as Zonas de Especial Risco de Incendios (ZER), estipuladas pola Consellería de Medio Ambiente. Implica a entrada en vigor de medidas especiais. **Pax. 11**



**Villamor**

Inmobiliaria

Compra-venta de:

**Casas-Pisos-Solares-Fincas ...**

Canton de San Roque, 8 MELIDE

Tfno. 981 815 330 - [www.inmobiliariavillamor.com](http://www.inmobiliariavillamor.com)

*Inventar es un riesgo,  
salvo que asesore  
un veterano*

## Editorial

### Os outros feirantes...

Unha vez máis, queremos desde esta asociación empresarial solicitar, impetuosamente, que dunha vez por todas se faga algo para regular a situación dos feirantes que, semana tras semana, chegan a Melide para vender os seus produtos. A feira desta vila é un dos seus valores máis importantes, pero podería deixar de selo se non se dan os pasos adecuados. Aquí todo vale, os vendedores ambulantes que seguen as pautas marcadas pola legalidade, e os que non. A Melide poden vir incluso aqueles que non queren noutras vilas que xa teñen as súas feiras reguladas. Isto pode acabar dando problemas que son facilmente evitables.

A normativa xa existe, só hai que preocuparse por que se cumpra. O decreto autonómico 194/2001 regula a actividade da venda ambulante desde hai catro anos, marcando unhas pautas de actuación que debe cumprir calquera feirante. O Concello é só o encargado de facer que este decreto se cumpra. Así de fácil.

Por que vamos ter que agardar a que ocorra algo grave para dar un paso? Por que non actuar agora para previr, e para non ter

que lamentar?

Hai uns días houbo xa algún altercado entre feirantes e comerciantes, que non chegou a nada, pero que mañá pode chegar a converterse nun problema. É só cuestión de tempo. E despois haberá que buscar culpables, que terán que asumir unha responsabilidade que, da maneira máis sinxela, podería terse evitado.

A regularización é algo bo e beneficioso para todos; para os comerciantes, para os vendedores ambulantes, para os veciños da vila, para os visitantes, e para os responsables municipais. Non se trata de eliminar nada, senón de adaptar unha acividade ancestral aos tempos que corren, facendo cumprir a legalidade vixente. Non se poden vender os queixos ao lado das galiñas, nin tampouco se poden tapar escaparates de comercios con postos ambulantes, nin se pode ocupar o espazo dedicado ao tráfico (rodado e peonil), e todos os ambulantes teñen que ter pagar os seus respectivos impostos, pensados e estipulados en especial para a súa actividade.

Desde ASETEM, xa levamos tempo intentando que os gobernantes deste municipio fagan algo para

resolver isto, que actúen como outras vilas nas que as feiras tamén son tradición, e que hoxe contan con todas as medidas para ofrecer un servizo á altura das circunstancias.

Inclusive se puxo en contacto con nós a Asociación Profesional de Comercio Ambulante e Prazas de Abastos de Galicia (ACA-PAG) para ver se, en conxunto, podíamos conseguir que o goberno local se intresase polo tema, pero non houbo maneira. Entre as dúas asociacións asinamos e rexistramos un escrito no Concello instando aos seus responsables a que, sinxelamente, fixeran cumprir a legalidade. Nada máis. Pero a súa única resposta foi o silencio absoluto, o pasotismo, o "non sabe, non contesta".

Señores, unha vez máis, reiteramos que, por favor, se preocupen de regularizar a situación do comercio ambulante nos días de feira. Teñan en conta que, se pasa algo grave, ademais de ser vostedes os máximos responsables, conseguirán que un dos valores máis arraigados da nosa vila poida ser cuestionado, cos seguintes problemas de imaxe e de prestixio que iso suporía.

## Tribuna de opinión

### As festas do San Roque

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Antes de vivir en Melide, eu vin pasar aquí o verán en numerosas ocasións. As festas do San Roque sempre foron as grandes da vila, e contaban cun cartel interesante e moi aberto, para todo tipo de públicos. Co paso do tempo, tal e como eu o lembro, ten habido anos mellores e anos peores, pero sempre, as festas do San Roque, conseguían destacar no panorama de celebracións de Galicia ou, cando menos, da provincia de A Coruña.

Sen embargo, a sensación que teño agora é que, aínda sendo certo que nestes días se xunta moita xente en Melide, cada ano que pasa xúntase menos que o anterior. E tamén, que cada ano que pasa, o cartel do San Roque é máis pobre. En concreto, o deste ano é, na miña opinión, o menos interesante de todos os que recordo. Eu non sei por qué desmellorou tanto a actividade festiva deste ano, se foi por falta de cartos, por desidia, por descoñecemento..., non sei. Pero si creo firmemente que, tanto os veciños que chegaron o que boamente puideron

para as festas, como os comerciantes e empresarios que chegaron algo máis, como os visitantes que cada ano veñen a esta vila a pasar o agosto, merecen algo máis que verbenas e pasarrúas, que sendo dignísimas, non son suficientes para cualificar unhas festas co adxectivo de "grandes".

Quédame cada vez máis claro que se esta vila ten vida e actividade é por ela mesma, polas súas características, pero non porque ningúen faga nada para que a teña.

As vilas próximas á nosa van mellorando, ano tras ano, as súas festas, ofrecendo cousas novas que atraían a novos visitantes, ofrecendo algo máis, algo distinto. Sen embargo, en Melide vamos cada ano a peor e, se os visitantes seguen a encher a vila nestes días, non é máis que por costume.

En definitiva, se este cartel ten algo de positivo é o feito de que é realmente difícil que o ano que vén sexa aínda peor. Así que, ao mellor, o 2005 vai ser un punto de inflexión a partir do cal, vamos ir mellorando.

Disfruten das festas.

### Cerne Terra de Melide

Edición dixital en [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

Publicación mensual de distribución gratuita. 3.000 exemplares.

**DIRECCIÓN E REDACCIÓN:** Leticia Trillo González

**EDICIÓN:** Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

**ENDEREZO:** R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188

Correo electrónico: [info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

**COLABORACIÓNS:** Xosé Domingos Fuciños Gómez, David Barrio, Vanessa Martínez, Ángel Curtis, PSOE e BNG de Melide

**AGRADECIMENTOS:** Jorge Sangiao, M<sup>a</sup> Pilar López

**IMPRESIÓN:** Artes Gráficas La Capital

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores



Gallego e hijos, s.l.

Central: L.G. Laberco, s/n  
15810 Arzúa (A Coruña)  
Tfno: 981 50 04 29  
Fax: 981 50 06 74

-Arzúa  
-Melide  
-Curtis  
-Teixeiro  
-Boimorto  
-Guitiriz

## Carta á directora e festas de San Roque

CONCHA CASARES. PSOE DE MELIDE

Antes de entrar en materia, decir que no nº 8 de Cerne publicábase en portada que máis do 30% do solo industrial do polígono estaba baleiro pero vendido. Alégrome de que a redactora e directora desta publicación, e tamén o outro grupo da oposición, se fixeran eco do artigo de opinión, que escribín, no nº 2 deste xornal, co título: "Especulación ou empresa".

O PSdeG de Melide xa vén advertindo, dende hai moito tempo, e non so

dende esta tribuna de opinión, de toda a problemática existente no polígono. Invito á redactora, xa que nos esqueceu na portada, a que de cando en vez, remexa na "hemeroteca do Cerne".

O tema, aínda que segue sendo noticia, non é novo. E despois desta observación, ao que ía:

As festas de San Roque están ao caer, boas ou malas, segundo gustos, e coma sempre, o certo é que seguimos a ter o problema da contribución

económica de negocios, e veciños, pero sobre todo das grandes firmas de supermercados.

Os que foron membros de comisións de festas, saben que estas empresas sempre colaboraron con cifras ridículas, a pesar de que o seu volume de vendas incrementábase moitísimo no San Roque e en todo o mes de agosto. ¿Cómo conseguir deles maior colaboración? ¿Alguén o sabe?.

## Un novo Goberno para un Novo País

GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Por fin chegou o cambio a este País. Comeza unha nova etapa ilusionante, chea de proxectos, ideas e soños. Temos un novo goberno bipartito con Anxo Quintana como Vicepresidente da Xunta e responsable de Benestar Social, amais de catro conselleiros/as do BNG para as áreas do Mundo Rural; Industria, Comercio e Turismo; Cultura e Deportes; e Vivenda.

O PP adiantou as eleccións pensando dar un golpe perfecto para conseguir o seu obxectivo principal, que era reter o poder a toda

costa. Pero, Fraga e o PP fracasaron no intento.

O 19 de xuño perdeu a propaganda, a soberbia, as mentiras e a manipulación. Gañaron os cidadáns fartos da política caciquil do PP e dos seus gobernantes, que chegan a considerar os concellos onde gobernan como unha empresa máis. Nace agora un País novo, aberto, solidario, orgulloso da súa personalidade, e convencido das súas potencialidades.

Os concellos gobernados polo PP, e as empresas ou asociacións achegadas ao Partido, teñen a obriga de

ir cambiando o chip e asumir que agora mandan outros. Estamos seguros de que brindarán o mesmo trato e respecto de sempre aos novos conselleiros/as e altos cargos do goberno que visiten Melide. Sería impensable o contrario. Quen está en política ten que ter moi claro que, por enriba de todo, está o respecto institucional aos cargos públicos, sexan da cor política que sexan. Quen non teña un escrupuloso respecto polas institucións e os seus representantes non merece nin vale para estar en política.

## Espazo reservado para o Partido Popular

Este espazo de opinión de política está reservado, coma nos anteriores números de Cerne, para o Partido Popular de Melide. Pero nesta ocasión, ao igual que nos números 4, 5, 6, 7, e 8 declinou a nosa invitación a participar. O oco aparece en branco neste número e seguirá aparecendo en números posteriores á espera de que o partido maioritario na vila queira expresar a súa opinión sobre os temas de actualidade que se suceden no municipio, para que, deste xeito, a súa voz poida verse tamén reflectida neste medio de comunicación coma as dos demais grupos políticos.

Os responsables da edición deste xornal lamentamos o choque estético que poida provocar o espazo en branco e agardamos poder incluír pronto a voz do partido que goberna a vila. Ata entón, pedimos disculpas aos lectores de Cerne por este imprevisto.

Cerne. Terra de Melide.



**FISCONTA**  
ASESORÍA

Asesoría de Empresas  
**JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ**  
CORREDOR DE SEGUROS  
Autorización Nº: GF-035

Ronda de A Coruña, 32 - 1º  
15800 MELIDE (A Coruña)  
www.asesoriafisconta.com - empresas@asesoriafisconta.com

Tel./fax: 981 50 76 23  
Tel./fax: 981 50 63 86



*Hotel Carlos '96*

RESTAURANTE  
CAFÉ - BAR  
BODAS / BANQUETES  
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33  
Fax: 981 81 53 12  
Avda. de Lugo, 119  
15800 MELIDE (A Coruña)  
e-mail: hc96@wanadoo.es



**A.S.E.T.E.M.**  
Asociación de Empresarios Terra de  
*Melide*

## A oposición reclama máis limpeza nos colectores de lixo

O PSOE centra a súa queixa nos do rural e o BNG nos do vidro

Redacción  
Melide

Os socialistas de Melide presentaban unha moción no pleno de xuño pola cal solicitaban máis limpeza nos contedores de lixo, sobre todo, nos das parroquias, xa que, segundo afirman, “énchense axiña e os veciños teñen que deixar o lixo en bolsas no chan”, circunstancia ésta que se agrava co calor do verán e o conseguente cheiro.

A moción foi rexeitada cos votos en contra do equipo de goberno, por considerar que a empresa encargada está a cumprir co seu traballo correctamente.



O BNG tamén solicitou que se prohibira pegar carteis neles

Pola súa parte, o BNG aos contedores de vidro do casco urbano. Aseguran que moitos están a rebotar e que presentan un aspecto “suxo e deteriorado”.

## O BNG solicita melloras na páxina web do Concello

Denuncian, sobre todo, que non apareza un enlace coa Deputación

Redacción  
Melide

A web do Concello de Melide ([www.melide.org](http://www.melide.org)) permite o acceso directo mediante enlaces á páxina da Xunta de Galicia, á de todas as consellerías, ás das Universidades de Santiago de Compostela e de A Coruña, e ás das Federacións Española e Galega de Municipios e

Provincias. Sen embargo, non existe enlace coa páxina da Deputación de A Coruña. Os nacionalistas consideran este feito criticable e, ademais, manifestan por medio da voceira melidense e deputada, Socorro Cea, que “non é casualidade que iso ocorra pois vén sendo unha práctica habitual do Concello a ocultación de

obras, subvencións ou actividades da Deputación dende que fun elixida Deputada Provincial hai dous anos”.

Por outra parte, na solicitude rexistrada o 26 de xullo, o BNG pide tamén outras melloras, como a corrección de diversos erros ortográficos e palabras en castelán (geografía, camino, certámenes,..).

## O Concello contrata ao ex-secretario como asesor xurídico

A oposición cuestiona a necesidade deste posto e a alcaldesa acúsaos de “intentar crear confusión”

Redacción  
Melide

A Xunta de Goberno Local extraordinaria, celebrada con data de 1 de xullo, acordou a contratación, por dous anos máis, do que fora secretario municipal durante sete anos para a función de asesor xurídico. Este posto xa fora asignado polo ex-alcalde Miguel Pampín á mesma persoa pouco antes de dimitir, en maio de 2004, outorgándolle un contrato por un ano que rematou nestes meses. Agora é o novo equipo de goberno o que volve contratar este empregado por un periodo de dous anos e cunha partida orzamentaria de 24.040 euros, a pagar en 24 mensualidades de 1.001,66 euros.

### O BNG fala de “despilfarro”

A oposición melidense e, en concreto, o grupo municipal do BNG, considera esta contratación “un claro caso de amiguismo e de pago de favores”, así como un “auténtico despilfarro”. Os nacionalistas sinalan, como argumento ás súas críticas, que o Concello de Melide ten contratados os servizos dun gabinete de avogados

para función de asesoría xurídica externa, a mesma para a que foi contratado o ex-secretario. O BNG sinala que tamén que a secretaria actual do Concello recibe un complemento especial no soldo para realizar labores de asesoría xurídica. Ademais, os nacionalistas aseguran que só a persoa contratada optou ao posto, e que o proceso de adxudicación foi negociado sen publicidade e sen pasar por un concurso público.

### A alcaldesa defende a contratación

Pola súa parte, Ánxeles Vázquez afirma que é “rotundamente falso” que o Concello teña contratado un gabinete de avogados para os labores de asesoría xurídica, xa que dito gabinete, di a alcaldesa, só se encarga da defensa do consistorio nos seus pleitos de xeito eventual, “percibindo a minuta correspondente por cada pleito”. Vázquez defende tamén a legalidade da contratación, “cumprindo escrupulosamente con todos os requisitos legais”, e asegura que entre o asesor xurídico e a secretaria “non existe duplicidade de funcións”.

**Mesón-Pulpería**  
**ALONGOS II**  
Especialidade en cociña galega tradicional,  
desde 1952  
Viños, tapas, comida caseira...

Avda. Lugo, 22 - MELIDE (A Coruña)  
Teléfono: 981 50 75 10 - Tels. móbiles: 670 78 79 22 - 615 36 00 89

**Muebles**  
**PAULA**

**EL CENTRO DEL MUEBLE**  
**EN EL CENTRO DE GALICIA**

Teléfono: 981 50 57 59  
Ctra. a Lugo, a 2 Km. de Melide  
15800 MELIDE (A Coruña)

Trátase de 55 facturas máis, dos anos 2002, 2003 e 2004, que hai que engadir ás outras 805 recoñecidas o ano pasado

## O Concello recoñece unha nova débeda de máis de 103.000 euros do mandato de Pampín

*A oposición melidense (BNG e PSOE) destapou a existencia desta nova débeda municipal, herdada do anterior alcalde, e recoñecida pola nova alcaldesa na pasada Xunta de Goberno Local do 23 de xuño. Son exactamente 103.201 euros repartidos en 55 facturas pendentes de pago e correspondentes aos anos 2002, 2003, e os primeiros catro meses de*

*2004, etapas nas que o alcalde da vila era o senador Miguel Pampín. Os grupos da oposición critican duramente esta situación, advertindo de que "pode carrexar serios problemas", segundo o voceiro do PSOE Manuel Prado, e considerando que "queda demostrada a mala xestión do anterior alcalde", segundo a voceira nacionalista, Soqui Cea.*

Redacción  
Melide

O orzamento deste exercicio 2005 deberá destinar unha partida para pagar as facturas pendentes a acreedores particulares. Así o confirma a acta da Xunta de Goberno local do 23 de xuño, na que Ánxeles Vázquez recoñece un total de 55 facturas dos anos 2002 a 2004 por un valor total de 103.201 euros (uns 17 millóns das antigas pesetas).

Esta é a segunda vez que a nova alcaldesa, en menos de ano e medio de mandato, recoñece débedas con particulares. O ano pasado foran un total de 805 facturas pendentes de pago, datadas nos anos 2002 e

2003, e que ascendían a un montante de 858.868 euros (143 millóns de pesetas).

A día de hoxe, e segundo fontes oficiais do Concello, só quedan por pagar 6 daquelas 805 facturas. É dicir, que se sumamos estas 6 ás outras 55 que veñen de recoñecer, a débeda do Concello con acreedores particulares está formada agora mesmo por 61 facturas pendentes e correspondentes á última etapa de goberno de Miguel Pampín.

### As reaccións

Os dous grupos da oposición melidense (BNG e PSOE) tiveron acceso a esta información no



Neste momento quedan por pagar 61 facturas

momento en que o goberno local lles entregou as actas das súas Xuntas semanais (procedemento de obrigado cumprimento por parte do executivo), e

ámbolos dous tiveron palabras críticas coa xestión municipal.

Os nacionalistas aseguran que o recoñecemento de 55 novas facturas "vén a

confirmar as sospeitas do BNG", e consideran "demostrada unha vez máis a mala xestión do anterior alcalde". Ademais, din estar seguros de que seguirán aparecendo novas facturas pendentes de pago.

Os socialistas, pola súa parte, cren que o PP "non merece estar á fronte do Concello de Melide, dado que o pobo elixiunos para gobernar e non para levalo pouco menos que á ruína". Ademais, lembran que a nova alcaldesa, Ánxeles Vázquez, "mentiu" no seu discurso de toma de posesión cando asegurou, segundo conta o PSOE, "que collía un Concello libre de débedas".

## A alcaldía denega ao BNG a copia dun Informe de Intervención

Os nacionalistas acoden ao Valedor do Pobo

Redacción  
Melide

Só a partir do próximo día 26 de decembro poderá ter acceso, o grupo municipal do BNG, ao Informe de Intervención sobre as facturas pendentes de pago, recoñecidas na Xunta de Goberno Local do 23 de xuño. Así o estipula a alcaldía de Melide nun decreto asinado como resposta á solicitude dos nacionalistas de coñecer o devandito informe. O Concello argumenta esta resolución en aras do próximo debate plenario

sobre os orzamentos de 2006, que terá lugar, previsiblemente, "no último trimestre deste ano", e no que se tratará o tema do pagamento de facturas.

A alcaldía considera que o transcurso de cinco meses desde a solicitude do BNG ata a data estipulada para acceder ao Informe "é asumible e non excesivo". Sen embargo, o grupo nacionalista non está dacordo, polo que vén de presentar unha queixa formal ante o Valedor do Pobo, rexistrada con data do 30 de xullo.

## Os antecedentes desta polémica remóntanse ao mes de abril

### Enfrontamento entre o goberno local e o BNG

Os nacionalistas foron os primeiros en sacar á luz á información sobre a débeda municipal con particulares deixada por Miguel Pampín

Redacción  
Melide

Nos primeiros días de abril, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego daba a coñecer o estado de contas do Concello de Melide con respecto á súas débedas. Amais do millón e medio de euros que ten a institución municipal en forma de créditos bancarios, o BNG destababa a existencia de 805 facturas sen pagar, recoñecidas pola nova alcaldesa durante o ano 2004, pero correspondentes á etapa de Miguel Pampín. Ascendían a un total de 858.865 euros e

foron obxecto de enfrontamento entre os nacionalistas e o executivo municipal.

Despois da liquidación do exercicio 2004, a finais de abril, o BNG emitía un comunicado no que afirmaba que o Concello pechaba o ano con "case 3 millóns de euros" de débeda (sumando a bancaria, as facturas e outros). Pero o equipo de goberno decidiu non quedar calado e contestou, tamén publicamente, ás acusacións dos nacionalistas. Cualificaron de "insignificante" a débeda do Concello de Melide

(comparándoa coa de outros Concellos galegos) e acusaron ao BNG de "xogar coas cifras para utilizalas maliciosamente". Pola súa parte, o Bloque continuou a súa crítica á xestión municipal e comezou a solicitar información sobre as facturas pendentes de pago. O día 2 de abril rexistraron un escrito que sería contestado, en parte, tres meses despois, cando o Concello asegura que das 805 facturas de 2002 e 2003 recoñecidas pola alcaldesa en 2004, só quedan seis por pagar.

## As análises confirman que as troitas da presa do Furelos morreron por falta de osíxeno

O SEPRONA remitiu o expediente a Augas de Galicia e vai ser seguido de preto pola Asociación de Troiteiros

Redacción  
Melide

A causa da morte das arredor de oitenta troitas que apareceron na presa do Furelos no pasado mes de xuño foi a asfixia derivada dunha falta de osíxeno. Así o confirmaron as análises realizadas polo Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA), que descartaron a posibilidade do mal estado da auga do río.

Isto confirma a hipótese sostida pola Asociación de Troiteiros do Río Furelos, cuxos membros foron quenos atoparon as troitas mortas só uns días despois de que o Concello de Melide realizara tarefas de limpeza na presa habilitada para o baño no verán. O presidente deste colectivo, Xabier Pazo, declarou naquel momento que as persoas encargadas da limpeza deixaron ramas e maleza na canle de derivación da presa e, ademais, pecharon as dúas comportas, convertendo así o encoro nunha trampa mortal para os peixes, que non tiveron por onde escapar.

### O expediente pasa a Augas de Galicia

Unha vez realizada a análise da auga e confirmada a causa da morte das troitas, o SEPRONA remitiu o expediente a Augas de Galicia, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente. A Asociación de Troiteiros vai seguir de preto a súa evolución, agardando que se depuren responsabilidades e que se estude se existiu ou non unha posible negligencia por parte dos encargados da limpeza do río.



A ponte soportaba o peso de tractores e coches

## Solicitan que se habilite de novo a Ponte Mazaira

A Asociación de Troiteiros do Río Furelos, constituída en xuño deste mesmo ano, rexistrou cadanseu escrito nos Concellos de Melide e de Toques no que solicitan que se fagan os trámites necesarios para a habilitación da Ponte Mazaira, un paso sobre o río que une as parroquias do Salvador (Melide) e Oleiros (Toques). Trátase dunha antiga infraestrutura de madeira pola que era

habitual o paso de vehículos (turismos e tractores) e tamén de persoas a pé ata hai uns oito anos, cando o deterioro manifesto da madeira imposibilitou o seu uso como paso. A solicitude foi tamén remitida a Augas de Galicia, e a finalidade última da mesma é, segundo o presidente dos Troiteiros, Xabier Pazo, a de "evitar que os tractores pasen dun lado a outro pisando o leito do río".

## Os Troiteiros dispóñense a limpar os 9 km do couto do Furelos

Baixo o lema "Dálle vida ao río", a Asociación de Troiteiros do Río Furelos invita a todas as persoas que queiran participar, a que se acheguen ata o couto do río nos días 27 de agosto, 3 e 10 de setembro. Tres xornadas nas que, se o tempo o permite, van facer unha limpeza deste afluente ao longo

duns de 9 quilómetros nos que, segundo membros da asociación, "pódense atopar plásticos, botellas e ata lavadoras e rodas de camión". Para isto contactan cunha autorización da Delegación de Medio Ambiente, que vai enviar gardas que controlen o correcto desenvolvemento das tarefas de limpeza.

## A terceira fase da residencia de anciáns rematarase este ano

A Consellería de Familia comprometeuse a subvencionar, como máximo, o 54% do custo

Redacción  
Melide

Unha hora antes de abandonar o cargo de conselleira de Familia en funcións, Pilar Rojo asinaba, xunto coa alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, o convenio de colaboración, entre as dúas entidades que representan, para levar a cabo as obras da terceira fase da residencia de anciáns.

O custo máximo calculado do investimento que vai ser necesario para acometer esta última fase está en 460.354 euros, dos que a Consellería (agora en mans da Vicepresidencia da Xunta) subvencionará, como máximo, a cantidade de 250.000 euros, previa entrega por parte do Concello do proxecto básico de execución das obras, que vai ser revisado por unha comisión da Dirección Xeral do Maior e Persoas con Discapacidade, segundo versa o convenio. Ademais, a cantidade da subvención está condicionada tamén pola posibilidade de que o Concello reciba axudas doutros organismos públicos para o mesmo fin, circunstancia que terían a obriga de notificar á Consellería, que podería diminuír a cuantía da súa achega. Sexa como for, o Concello de Melide, en principio, vai ter que afrontar o pagamento dunha partida mínima de 210.354 euros para a realización desta obra.

### O convenio finaliza en decembro

Unha das cláusulas do

documento asinado pola ex-conselleira e pola alcaldesa o pasado 1 de agosto, establece que o Concello "deberá rematar a obra relativa á terceira fase do centro residencial antes do 31 de decembro de 2005", data na que vence a vixencia do convenio. Isto indica que, moi probablemente, a terceira fase da residencia vai estar operativa nas primeiras semanas de 2006.

### 75 prazas para non válidos

Unha vez finalicen as obras, a residencia da terceira idade de Melide poderá acoller a 75 anciáns que precisen de asistencia continuada. As instalacións, situadas na rúa Rambla de San Pablo (zona da Piorada) van ter unha superficie total de 2.215 metros cadrados distribuídos en dous andares. Será a primeira residencia para anciáns non válidos da Terra de Melide, que ata o de agora só contaba coas instalacións públicas para maiores que se valen por si sós, situadas no mesmo recinto.

Non hai ningunha residencia máis, nin pública nin privada, nos concellos da comarca. Sen embargo, a poboación de maiores de 65 anos, só no Concello de Melide, ronda as 4.600 persoas.

A realización do total das obras do xeriátrico supón un custo aproximado de 1.131.311 euros, dos cales se levan investidos ata agora uns 671.000 para a execución das dúas primeiras fases.

## O Concello recibe unha subvención para facer un estudo no polígono

Máis do 30% do solo industrial da Madanela está baleiro, pero vendido desde hai anos

Redacción  
Melide

A Consellería de Industria do goberno popular incluíu a Melide entre os Concellos beneficiarios das últimas subvencións concedidas polo executivo saínte. En concreto, foi o Parque Industrial da Madanela o obxecto da achega económica, cuxa cantidade exacta aínda non estaba definida totalmente ao peche desta edición. Pero si o está a súa finalidade, que é, segundo fontes da Consellería que encabezaba entón

Rodríguez Yuste, a da realización dun “estudo de incorporación de novos servizos e melloras de infraestruturas”. As axudas concedidas por este departamento abranguen a polígonos industriais de toda Galicia. En concreto, aos da provincia de A Coruña van destinar un total de 331.258 euros, que terá que repartir o de Melide con sete polígonos máis (e non a partes iguais, xa que a cuantía concedida depende do tipo de actuación que se vaia a realizar en cada caso).

### 16 empresas en 82.000 m<sup>2</sup>

Tanto a patronal melidense (ASETEM) como os dous grupos da oposición municipal (BNG e PSOE) veñen denunciando en múltiples ocasións os problemas do polígono, tanto de infraestruturas (luz, auga, teléfono), como dun posible uso inadecuado do solo industrial. Ata o punto de que, o presidente de ASETEM, José A. Rodríguez, advertía en xullo da fuga de empresas melidenses a outros polígonos de vilas cercanas. O caso é que, trala súa inauguración como Parque Empresarial en maio de 1995, o polígono da Madanela esgotou todo o seu solo industrial en pouco máis dun ano. Sen embargo, hoxe en día só están ocupadas con actividade empresarial un total de 39 parcelas das 71 posibles. Nelas, traballan na actualidade só 16 empresas, entre as que destacan en tamaño e en actividade LASURGAL (con case

6.000 m<sup>2</sup>) e Cemarksa (con máis de 18.000 m<sup>2</sup>). Dito doutro xeito, dos 82.002 m<sup>2</sup> de solo industrial dispoñible, só 43.046 albergan empresas en activo, o que supón un 52,5% do total.

Por outra parte, hai dúas naves que están actualmente en obras, e que aumentarán a superficie ocupada en 5.333 m<sup>2</sup>, pero tamén hai que ter en conta a presenza dunha nave de 2.700 m<sup>2</sup> que cesou na actividade hai anos, así como doutras 16 naves construídas nas que non existe empresa ningunha e que os donos teñen á venda ou en aluguer.

En definitiva, para acceder a ese 33% de solo industrial baleiro hoxe na Madanela, as empresas interesadas teñen que mercar as parcelas aos propietarios privados que as mercaron anteriormente, e non á empresa xestora do Parque, Xestur S.A.

## As obras na Capela de San Roque descubren restos arquitectónicos e pictóricos

Destapando o recheo dos muros, foron descubertas pezas de interese histórico e patrimonial, o que obrigou a parar as obras na capela ata os primeiros días de

agosto. Trátase dalgúns restos procedentes da antiga igrexa de San Pedro, derruída nos anos corenta do século XX, cando contaba con 700 anos de historia.

Redacción  
Melide

Cando comezaron as obras de rehabilitación da Capela de San Roque, sita a pé da estrada N-547, ninguén esperaba que, nestas alturas do ano, aínda non estiveran terminadas. A Consellería de Cultura do anterior goberno popular achegou unha partida económica de 126.909 euros para dar un novo aspecto a esta ermida e para amañar o tellado, a canalización da auga, etc.

Pero cando os obreiros destaparon as pedras dos muros, a Dirección Xeral de Patrimonio ordenou a paralización da obra, xa que entre as pedras que erguen a capela, había algunhas que presentaban varias peculiaridades.

A Capela de San Roque foi construída a mediados do século XX cos restos da antiga Igrexa de San Pedro, que estaba na rúa que leva o nome deste santo, en pleno Camiño Francés, e que foi derruída na década dos corenta.

O arco do románico tardío que coroa a porta da capela é o mesmo que tiña aquela igrexa, e tamén os tres sepulcros que había no templo pasaron para a nova ermida. Sen embargo, parece que non todas as pezas de interese foron correctamente trasladadas por aquel entón. O informe que ofrece Patrimonio sobre os restos atopados cataloga os achádegos como dovelas, ou ben das que “sobraron” do arco da porta, ou ben dos arcos que cobixaban os sepul-



Os traballos reanudáronse a primeiros de agosto

ros, que non foron reconstruídos dentro da capela. De feito, no Museo Terra de Melide atópase parte destes arcos, en concreto unha clave coas figuras bíblicas de Lázaro, Marta e María, que fora cedida por un veciño de Melide.

Ademais, apareceron algunhas pedras labradas, tamén formando parte do muro da capela, que conteñen restos de pinturas murais renacentistas, moi parecidas ás que acolle hoxe a igrexa melidense

de Santa María, que tamén se sitúa ao pé do Camiño de Santiago.

O director do Museo Terra de Melide, Xosé Manuel Broz, cualificou este achádegos como unha “mostra do pasado medieval que tivo Melide”, e amósase dacordo coa resaturadora Blanca Besteiro, que propón rescatar estas pezas, restauralas e, incluso tentar reconstruír algún dos arcos dos sepulcros no interior da capela, que debería, polo tanto, ser musealizada.

### Notas sobre a antiga Igrexa

O primeiro documento que se coñece sobre ela, data a antigüidade da Igrexa de San Pedro no ano 1.265 (século XIII).

No interior estaban os tres sepulcros que hoxe están na ermida, pertencentes a dous notarios que viviron alá polo século XV e á esposa dun deles.

Nos anos corenta do século pasado, acordouse a destrución desta igrexa e tamén dunha antiga ermida

que estaba moi preto da actual Capela de San Roque, pero coa condición de que se construíra unha nova ermida á que se poderan trasladar as pezas “importantes” que albergaban os outros dous santuarios. Ademais, tiña que situarse tamén no Camiño de Santiago.

Deste “pacto” naceu a actual Capela de San Roque, que probablemente será musealizada.

Máis en páxina 20

## A plataforma "Autovía por Melide" continúa activa

-Valoran moi positivamente o estado de paralización no que se atopa actualmente o trazado

-O presidente foi reelixido en xullo pola Asemblea Xeral

Redacción  
Melide

O colectivo veciñal coñecido como Plataforma "Autovía por Melide", constituído hai dous anos para intentar achegar á vila o trazado da futura autovía Santiago-Lugo, continúa a súa actividade, aínda que experimentou algúns cambios na súa executiva.

Os membros do Partido Socialista de Melide que estaban integrados na Plataforma decidiron abandonar a súa participación na mesma o pasado 14 de xullo. Consideran que "se están dando os pasos adecuados para alcanzar o obxectivo que todos desexamos" e, con isto, entenden que a súa decisión é "a máis acertada e coherente", en palabras do voceiro socialista, Manuel Prado.

Unha semana despois, a Asemblea Xeral da Plataforma (formada por dez membros) celebrou eleccións para elixir unha nova executiva, presentándose dúas candidaturas para a presidencia. José Antonio Rodríguez (tamén presidente de ASETEM) foi reelixido presidente con cinco votos, un para o outro candidato, un en branco e tres ausencias. Con respecto aos demais cargos, permanecen o secretario e o tesoureiro (Javier López e Jesús Silva respectivamente, representantes de ASETEM), e incorpóranse dous novos cargos: Plácido Carballo (PSOE de Toques) como Secretario de Organización, e David Barrio (UXT) como Secretario Xeral, aínda



ARQUIVO

O colectivo organizara numerosas mobilizacións

que este seguirá cumprindo tamén a función de voceiro, como ata agora.

Foi precisamente David Barrio, xa como Secretario Xeral da Plataforma, quen fixo públicas as primeiras impresións do colectivo tras as súas eleccións. Destacou "a forza e a unión con que saíu fortalecida a Plataforma, facendo ademais dunha clara demostración de democracia interna, e xustificando a súa independencia política". Agradeceu tamén o

labor desempeñado ata agora polos socialistas melidenses no colectivo, que cualificou de "moi positivo". E quixo confirmar, finalmente, que a Plataforma seguirá existindo "ata o momento no que chegue o primeiro quilo de alquitrán ás proximidades de Melide", e tamén que seguirá facendo un seguemento permanente de todos os pasos legais que están a dar as distintas administracións competentes.

### O colectivo elaborou a súa propia proposta de trazado

Trala paralización do tramo da autovía entre Arzúa e Palas de Rei derivada do Estudo de Impacto Ambiental publicado en decembro, a Plataforma "Autovía por Melide" elaborou, coa axuda de expertos, unha proposta de trazado que entregou, o pasado 11 de febreiro, na Demarcación de Carreteras do Estado. Está, polo tanto, en mans do Ministerio de Fomento como trazado a estudar.

A proposta destaca, sobre todo, polo achegamento da vía a Melide. En concreto, discorrería a 15.000 m do casco urbano e a só 500 m do Polígono Industrial. Ademais, non dividiría poboacións e súa construción afectaría, nun 85%, a terreos dedicados a monte.

Este trazado foi presentado en público pola Plataforma e acadou numerosos apoios, entre outros, os dos Concellos de Toques e Santiso.

## Un repaso polas novidades sobre a autovía en 2005

### A Declaración de Impacto Ambiental

A primeira boa noticia para os interesados en que a futura autovía Santiago-Lugo se achegue a Melide chegaba un pouco antes que o propio 2005. O 16 de decembro de 2004, o BOE publicaba a Declaración de Impacto Ambiental para a devandita vía, asinada pola Ministra socialista de Medio Ambiente, Cristina Narbona. O informe foi favorable para todo o trazado excepto para o tramo que transcorre entre Arzúa e Palas de Rei, do que di, textualmente, que é "necesario estudar, al menos, una nueva alternativa que discurra lo más cercana posible a la actual carretera N-547".

Isto provocou unha paralización deste tramo do trazado, que estaba previsto que discurrise polos municipios de Santiso e Agolada, alonxándose a uns 12 km de Melide.

O novo Estudo de Impacto Ambiental está en marcha, pero depende tamén do Plan de Ordenación de Recursos Naturais (PORN), elaborado pola Consellería de Medio Ambiente.

### O PORN

Dado que a Serra do Careón (pola que tería que atravesar a autovía para achegarse a Melide) é un Lugar de Interese Comunitario (LIC) declarado pola Unión Europea a proposta da Xunta de Galicia en 2003, en principio non é posible que pase unha autovía a través dela. O único xeito de facelo é elaborando un Plan de Ordenación de Recursos Naturais (PORN) que dea como resultado un informe favo-

rable ao paso desta infraestrutura. A

Consellería de Medio Ambiente é a titular da competencia para realizar este traballo. Por isto, desde o Concello de Melide solicitouse a súa execución, da cal se tivo resposta pública en febreiro. O PORN sinala que se podería facer unha excepción en canto á protección especial da Serra do Careón en aras de realizar "infraestructuras declaradas de interese xeral para a Comunidade Autónoma de Galicia e polo Estado". Sen embargo, a cantidade de terreo que libera este estudo no é suficiente para albergar o paso dunha autovía. As alegacións ao PORN só as puideron presentar os Concellos afectados (e non outro tipo de colectivos ou institucións), e este xornal ten constancia de que así o fixo o Concello de Melide no mes de marzo.

Sen embargo, a día de hoxe non existen novidades ao respecto. A celebración en xuño das eleccións ao Parlamento galego, e o posterior cambio de goberno, paralizaron provisionalmente os trámites, que é previsible que se retomen nestes meses. O novo goberno bipartito terá que resolver as alegacións ao PORN que estean presentadas.

### A licitación das obras

O Secretario de Organización do PSOE, o palense José Blanco, ademais de asegurar a autovía por Melide, anunciou nun mítin electoral celebrado na vila, que o goberno licitou en maio as obras dun tramo da autovía, o que transcorre entre Lugo e Guntín.



## Destacados Melide 2005

# Melide perde case sete veces máis poboación no último ano que nos cinco anteriores


Entre 1999 e 2003 perdeu 85 habitantes, e no 2004 perdeu 536  
O Concello de Santiso é o que acusa menor perda de habitantes na Terra de Melide

Redacción  
Melide

Foi non ano 2002 cando a poboación do Concello de Melide empezou o seu crecemento negativo. Ata entón, o número de habitantes, aínda que paseniñamente, ía medrando. 32 melidenses máis había en 2001 que en 1999, pero nese mesmo ano “desapareceron” do censo 81 persoas e, a partir de aí, a tendencia foi a mesma. En 2003 perdeu 38 habitantes e, en 2004, produciuse o gran salto: de 8.345 a 7.809 habitantes. 536 persoas que, por causas diversas, deixaron de estar censadas no concello de Melide.

Isto converte a esta vila na que rexistra maior perda de habitantes de Galicia no pasado ano 2004.

## Poboación na comarca nos últimos 5 anos



### PERDA DE HABITANTES EN 2004

Melide.....	536.....	6,86%
Santiso.....	37.....	1,67%
Sobrado.....	40.....	1,69%
Toques.....	20.....	1,31%

### PERDA DE HABITANTES DESDE 1999

Melide.....	621.....	7,37%
Santiso.....	107.....	4,61%
Sobrado.....	181.....	7,12%
Toques.....	110.....	6,71%

## Datos

### Censo 1999

Melide.....	8.430
Santiso.....	2.319
Sobrado.....	2.541
Toques.....	1.640

### Censo 2002

Melide.....	8.383
Santiso.....	2.286
Sobrado.....	2.434
Toques.....	1.573

### Censo 2004

Melide.....	7.809
Santiso.....	2.212
Sobrado.....	2.360
Toques.....	1.530

## Melide ten ao fin rexistro de parellas de feito

Entrou en vigor a principios do verán

Redacción  
Melide

No mesmo ano no que se legalizan en toda España os matrimonios entre homosexuais, o Concello de Melide aproba o seu primeiro rexistro de parellas de feito. O pleno da corporación votou a favor do proxecto en marzo, e formalizouse a súa entrada en vigor a comezos deste verán. No regulamento deste rexistro indícase que “con independencia da súa orientación sexual”, todas as parellas que cumpran unha serie de requisitos, entre eles o de residir e estar empadronados en

Melide, poden inscribirse no Concello como parellas de feito. As vantaxes que supón non son moitas se o comparamos co matrimonio, pero non deixan de ter a súa importancia. Adscríbense, sobre todo, ao ámbito de competencia municipal, xa que estas parellas teñen, á hora de realizar calquera xestión no Concello, “a mesma consideración xurídica e administrativa que as unións matrimoniais”. Ademais, os datos deste rexistro non teñen carácter público.

## A Medalla de Ouro de Melide foi para Autos Puntero

Empresa local dedicada ao transporte de viaxeiros desde 1953

Redacción  
Melide

A familia Freire, fundadora da empresa de autobuses Autos Puntero S.L., foi homenaxeada este ano polo Concello de Melide coa concesión da quinta Medalla de Ouro.

Un dos socios fundadores da empresa, Xesús Freire, foi o encargado de recibir o prezado galardón de mans da alcaldesa, Ánxeles Vázquez, e perante toda a corporación municipal e algúns invitados, entre eles os membros da súa familia.

Como cada ano, o día elixido para a cerimonia foi o 29 de xuño, festividade local que conmemora ao



Xesús Freire recolleu a medalla de mans da alcaldesa

Santo Patrono melidense, San Pedro, que saíu en procesión esa mesma mañá acompañado polo homenaxeado e pola súa familia, así como polos edís melidenses e todos os demais veciños que quixe-

ron participar. O Concello comezou a conceder Medallas de Ouro a veciños “destacados” no ano 2000, sendo o primeiro homenaxeado o cura párroco, D. Antonio Mourelle.

## Destacados Melide 2005

## Servizo de matrona e cursos preparato no Centro Médico

Melide conta con estes servizos desde o 31 de xaneiro

Redacción  
Melide

As mulleres de Melide, Santiso e Toques que esperan un fillo xa non teñen que ir ata Santiago como anteriormente para levar o pertinete control do seu embarazo. Unha matrona atende no Punto de Atención Continuada (PAC) de Melide á futuras mamás da comarca e, ademais, ofrécense tamén as clases preparato para o centenar de mulleres que, segundo fontes municipais, dan a luz cada ano no Concello de Melide. Por outra parte, existe un proxecto municipal de ampliación do Centro Médico, xa que nestes



As embarazadas tiñan que desprazarse ata Santiago

momentos, a matrona ten que compartir espazo co servizo de fisioterapia. A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, solicitou en febreiro unha parti-

da da Consellería de Sanidade para levar a cabo as obras, e temén para instalar un heliporto, sen que ata o de agora, houbera contestación definitiva.

## O Concello quiere ampliar as prazas da gardería

Espera obter unha subvención da Consellería de Familia, actualmente integrada no departamento de Benestar Social do bipartito

Redacción  
Melide

O Concello de Melide ten elaborado un proxecto de ampliación da gardería municipal para ofertar corenta prazas máis das que hai actualmente. O orzamento necesario para as obras ascende a 113.593 euros, que o consistorio melidense solicitará da anterior Consellería de Familia, desaparecida co novo goberno bipartito e integradas, as súas competencias, no departamento de Benestar Social, en mans do Vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana. A día de hoxe, a gardería conta con 59 prazas para nenos de entre 0 e 3 anos, pero destas, cada ano oféranse só algunhas, xa que



O proxecto pretende a creación de 40 novas prazas

outras quedan reservadas para os rapaces matriculados en cursos anteriores. Isto provoca que, en ocasións, teñan que desviar algún solicitante a outras garderías de municipios veciños. Para o vindeiro curso, en

concreto, existen xa máis de 40 reservas efectuadas, pero desde a gardería municipal só se poideron ofertar 31 das 59 prazas. O proxecto de ampliación recolle a construción de dúas novas aulas para acoller a corenta nenos máis.

## Melide conta cun velorio municipal

En funcionamento desde o mes de marzo

Redacción  
Melide

O domingo 13 de marzo dábase contestación definitiva a unha vella demanda da vecindade melidense e, polo tanto, dos concelleiros da corporación municipal: a de instalar un velorio público na vila. O diñeiro do Plan de Obras e Servizos (POS) de 2004, achegado pola Deputación de A Coruña investiuse no acondicionamento dun dos baixos municipais, na rúa Alhóndiga, para dar este servizo ás familias que, desgraciadamente, teñan un defunto que velar. Foi un orzamento total de 167.812 euros que serviron para dotar, a unha superficie total de 203 m<sup>2</sup>, de dúas áreas abertas ao público, un recibidor, a entrada para o servizo,

dous aseos e un cuarto de máquinas.

Este proxecto aprobárase xa en novembro de 2003, cos votos a favor do goberno local encabezado entón por Miguel Pampín, e do PSOE, e coa abstención do BNG que, aínda que crían necesaria a instalación dun velorio, non consideraron adecuada a súa ubicación, por ser unha zona habilitada para o mercado dos domingos e na que o tráfico de vehículos resulta algo complicado.

Sen embargo, o velorio instalouse finalmente no lugar proposto polo goberno de Pampín e presta servizo aos veciños que o requiran desde o 13 de marzo, día no que numerosos veciños acompañaron ás autoridades municipais na inauguración.



**CENTRAL:**  
Fernando González nº 4 - 3ª Dcha  
15004 A CORUÑA  
Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



**PLANTA LA CORUÑA**  
Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3  
15008 A Coruña  
Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

**PLANTA MONTESALGUEIRO**  
Ctra. Nacional VI, km. 555  
Aranga - A Coruña  
Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

**PLANTA MELIDE**  
Pol. Industrial Madanela, parc. 30  
Melide - A Coruña  
Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISION EXTERNA

## Análises contradictorias sobre a potabilidade da auga da fonte de Paradela

Un estudo encargado polo Concello confirma que é apta para o consumo, pero o solicitado polo PSOE toquense certifica o contrario

Redacción  
Toques

Cruz Bande, concelleira polo PSOE en Toques, dirixiu un escrito á alcaldía no que aseguraba que “ten constancia” de que a auga que mana da fonte de Paradela, máis coñecida coma “o picho”, non é apta para o consumo. Bande levou unha mostra desta auga a unha farmacia de Melide para a que analizasen, e os resultados catalogárona como non potable.

Pola súa parte, o Concello de Toques achegou á edil socialista unha copia da última análise realizada no devandito manantial, con data de 27 de xullo, na que o os encargados do servizo



Imaxe da fonte coñecida entre os veciños coma “o picho”

municipal de augas confirman que esta auga si é potable.

Ademais, o alcalde de Toques, Xesús Ares, asegura no escrito que “todos os mananciais xestionados

polo Concello son controlados periodicamente mediante as correspondentes análises de auga”.

Cruz Bande declarou que “non entende” cómo é posible tal contradicción.

## A Deputación reparte 500.000 euros na Terra de Melide

A finalidade das axudas aínda non está concretada

Redacción  
Terra de Melide

Cada un dos catro Concellos da bisbarra vai ter a potestade de decidir en qué vai investir estas axudas aprobadas pola Deputación de A Coruña na sesión plenaria do 28

de xullo. A única esixencia do organismo provincial é a de que os cartos achegados non se destinen a gastos fixos ou de persoal, senón á realización de novas obras.

A partida orzamentaria

para a Terra de Melide é de 500.000 euros, repartidos do seguinte xeito:

Melide: 252.056 euros  
Sobrado: 100.775 euros  
Santiso: 84.824 euros  
Toques: 62.344 euros

## Catro parroquias de Toques declaradas zonas de especial risco de incendios

Son Brañas, Paradela, Vilouriz e Vilamor

Redacción  
Toques

A Consellería de Medio Ambiente en funcións estableceu, mediante decreto, a declaración de 579 parroquias galegas como Zonas de Especial Risco de Incendios (ZER). Representan o 17% do total do territorio autonómico das que, 116 sitúanse na provincia de A Coruña. (DOG do 19 de xullo de 2005).

Entre elas, un total de catro pertencen á comarca da Terra de Melide e, en concreto, ao Concello de Toques. Trátase das parroquias de Brañas, Paradela, Vilouriz e Vilamor. Nestes catro territorios toquenses pónense en marcha medidas especiais para a prevención de lumes forestais.

**Prohibido facer lumes durante todo o ano**

A Consellería, encabezada no momento do decreto polo popular Xosé Manuel Barreiro, establece a prohibición de utilizar o lume nas parroquias ZER para eliminar restos de aproveitamentos forestais en calquera época do ano, agás xustificación técnica da

inexistencia doutras alternativas. Nestas áreas tamén se poderán declarar perímetros de preferente ordenación para o pastoreo, para que esta actividade se desenvolva unicamente no interior de cercados.

Outra medida específica para estas zonas, polo tanto, para estas catro parroquias de Toques, é o requerimento dunha autorización administrativa autonómica (e non municipal) para a realización de competicións de vehículos a motor. Ademais, uns documentos denominados “plans de defensa” van recoller os traballos preventivos axeitados a realizar nestas parroquias. Aquí inclúense a estipulación das actuacións que deben realizar os propietarios dos montes e os responsables das vías de comunicación e de calquera instalación situada no contorno. No caso de gasolineras, industrias pirotécnicas ou almacéns de materiais inflamables, os seus propietarios deberán manter limpa a vexetación nun perímetro de 50 metros.

Se desexa anunciarse en Cerne pode chamar de luns a venres, en horario de oficina, ao teléfono 981 506188

**SITO**  
MIL IDEAS EN ESCAYOLA

**ISOVER**  
Soluciones en aislamiento

**KNAUF**  
Soluciones de interior

Ronda de Pontevedra, 75  
981 505 951 - 650 718 063  
MELIDE A Coruña

**R**  
ELECTRICA

**RUCIÑOS RIVAS S.L.**

Rúa Rocamador, 2  
Tfno.: 981 50 51 64  
Fax: 981 81 54 66  
15.800 MELIDE (A Coruña)



**Joyería Oro Ley**

Taller Propio

Rúa San Pedro, 14  
15800 MELIDE  
(A CORUÑA)

Telf.: 981505468

Os acontecementos máis destacados da Terra de Melide durante 2005

## O conflito coa empresa Celta Prix resolveuse a favor dos traballadores

Foi necesario o transcurso de seis meses, unha sentenza do TSXG e unha nova convocatoria de folga

Redacción  
Terra de Melide

Todo comezaba xa a finais do ano 2004, con 18 días de folga de recollida de lixo entre os meses de novembro e decembro. A empresa concesionaria do servizo de recollida en Melide, Santiso e Sobrado, e os traballadores en folga, representados por UXT, puñan fin ao paro o día 8 do mes de Nadal coa sinatura dun acordo no que se establecían unhas condicións. Celta Prix comprometéase a aumentar o soldo de todos os traballadores, en 100 euros mensuais como media, e a abonar un plus de convenio único de 300 euros por empregado, así como a levar a cabo unha serie de melloras laborais orientadas ao benestar social dos traballadores. Todo isto, segundo o acordo asinado polas partes, tiña que empezar a aplicarse con data de 1 de novembro.

Sen embargo, a empresa Celta Prix só cumpriu, en parte, unha das condicións: aumentou o soldo dos traballadores en 100 euros mensuais, pero só a partir do 1 de xaneiro. Dadas as circunstancias, o sindicato UXT decidiu demandar á empresa Celta Prix ante a Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia. Alí, as partes reuníronse nun acto de conciliación o pasado mes de febreiro, pero non prosperou porque, segundo o delegado comarcal de UXT, David Barrio, “a empresa negouse a negociar”.



A empresa está presente en tres concellos da comarca

Entón, o sindicato UXT decidiu presentar a demanda contra a empresa ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), quen en sentenza de 28 de marzo, fallou a favor do sindicato e, polo tanto, dos traballadores, obrigando á empresa a abonar tanto os atrasos do aumento de soldo como o plus de convenio único recollido no acordo asinado en decembro.

Pero, aínda que os termos da sentenza estaban claros, e o delegado sindical, David Barrio, cualificouna como “o triunfo da razón e dos traballadores”, a empresa Celta Prix non acatou o mandato do TSXG á primeira.

Ante esta situación, sindicato e traballadores acordaron a convocatoria dunha nova folga de recollida de lixo na comarca, con data fixada para o 13 de xuño. UXT fixo pública esta convocatoria o día 20 de maio e, dous días despois, Celta Prix ingresaba nas contas dos traballadores os seus correspondentes atrasos e os 300 euros de plus acordados.

Ademais, retiraba tamén todas as demandas interpostas ante o Xulgado de Arzúa contra os traballadores que estiveran en folga e contra o seu representante sindical, David Barrio.

Con isto, UXT e os traballadores anulaban a convocatoria de folga anunciada para xuño e valoraban a decisión da empresa “positivamente” por evitar un novo conflito. Sen embargo, tamén lamentaban “ter que usar posturas de forza para que se respecten as resolucións xudiciais”.

O sindicato foi crítico, en concreto, co goberno local de Melide por “facer oídos xordos ás reivindicacións dos traballadores”. Ademais, quixo pór fin a seis meses de conflito esixindo aos executivos municipais que “controlen o cumprimento das obrigas contractuais cos traballadores das empresas concesionarias de servizos públicos”, e lembrándolles que os Concellos “son responsables subsidiarios” do que lles ocorra a estes empregados.

## O Concello de Toques está a elaborar o seu PXOM

Falta a resolución das 201 alegacións e a aprobación definitiva no Concello e na Xunta

Redacción  
Toques

O pleno da corporación municipal aprobaba en novembro, cos votos dos concelleiros do goberno, o documento inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) elaborado pola empresa redactora. Despois, os toqueses tiveron o prazo dun mes de exposición pública do documento no que puideron presentar alegacións.

Colectivos e particulares achegaron ás oficinas municipais un total de 201 alegacións, entre as que destaca, por exemplo, a

presentada pola Asociación Cultural “A Toca” e polo BNG comarcal, que denuncian a non inclusión no PXOM do tramo toquense do Camiño Primitivo de Santiago. Pola súa parte, a Agrupación de Independentes por Toques (AIT) solicitou unha “modificación esencial” do PXOM por consideralo inadecuado no seu conxunto.

Agora, falta unha segunda aprobación do pleno municipal e a posterior aprobación definitiva na Xunta de Galicia.

## O secretario do Concello emitiu informes críticos coa xestión municipal

Cualifícaa de “desorde diario” e destapa posibles irregularidades cos fondos públicos

Redacción  
Toques

A concelleira toquense do PSOE, Cruz Bande, deu lectura pública a varios informes do secretario municipal, Antonio Mosquera, no pleno ordinario do mes de maio. Neles, o funcionario solicita ao alcalde, Xesús Ares, que “adopte as medidas necesarias” para organizar a xestión municipal, que cualifica de “anómala” e de “desorde diario”. Mosquera fai referencia á emisión e pagamento dalgunhas facturas a persoas ou entidades non ligadas ao Concello, que terían efectuado compras “en nome do Concello de

Toques” de maneira irregular. Ademais, fai referencia tamén a un posible uso inadecuado dun teléfono móbil de propiedade municipal, do que chegan facturas ao Concello que o secretario cualifica de “despilfarro manifesto”. Como exemplo, a socialista Cruz Bande fixo pública unha das facturas deste teléfono, que ascende a máis de 190 euros.

A causa esgrimida polo secretario municipal para emitir estes informes á alcaldía é a de eximirse de posibles responsabilidades penais “no suposto de que os gastos que se produzan sexan ilegais”.

## Os acontecementos máis destacados da Terra de Melide durante 2005

### O ferry de Portodemouros será reformado en breve

Continúa así un conflito que comezou nos anos setenta

Redacción  
Santiso

A Asociación de Afectados polo encoro de Portodemouros, creada hai tres anos, reuniuse coa empresa Fenosa en xuño para tratar as características que debe ter a barca despois da reforma. Entre elas, cren preciso un aumento da carga máxima a 20 toneladas (5 máis que agora) debido a que a maquinaria agrícola actual é máis pesada, e tamén un aumento da eslora ata 18 metros útiles polo mesmo motivo.

O enxeñeiro responsable de mantemento de Fenosa, Francisco Bustillo, asegurou aos membros da Asociación que estudarán as súas propostas, e emprazounos a unha segunda reunión no vindeiro mes de outubro, na que previsiblemente haberá unha resposta definitiva.

**A baixada de carga en 2001 reaviva o conflito**  
O conflito derivado da chegada do ferry de Portodemouros ao encoro remóntase aos anos setenta, cando os veciños das parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso) viron como a ponte que unía estes dous territorios veciños quedaba anegada polo río Ulla encorado e que, como solución, o goberno instalaba unha barcaza na que poder pasar persoas, animais e útiles agrícolas. Unha Orde Ministerial do ano 75 regula as dimensións do ferry (12 m de eslora), o motor (65 CV) e a carga (15 Tm).

Aínda que este "arranxo" non gustou nada aos veci-

ños, co tempo fóronse adaptando, e o problema quedou parado ata o ano 2001.

Neste ano, e sen dar explicacións, Fenosa reduciu a capacidade de carga do barco ata as 5 Tm, unha cantidade insuficiente para o paso dos labregos con tractores, máquinas e outros útiles pesados.

#### A Asociación de Afectados

En 2002, e debido ao novo problema xurdido, nace a Asociación de Afectados polo Encoro de Portodemouros, constituída por veciños de Loño, Beigondo, e outras parroquias. Tras varias conversacións coa empresa Fenosa, responsable do encoro e do ferry, non conseguiron que ésta se comprometera, cando menos, a respectar as 15 Tm de carga na barcaza. Sen embargo, si lles deron a razón na Consellería de Medio Ambiente e en Augas de Galicia, organismos competentes na materia. O departamento autonómico obrigou á empresa hidroeléctrica a presentar un proxecto de reforma do ferry no que se respectaran as 15 Tm que marca a Orde Ministerial do 75, proxecto que presentou o pasado 4 de marzo.

Agora, desde a Asociación de Afectados queren conseguir que, aproveitando que o ferry terá que sufrir unhas obras de reforma, as súas características se adapten aos tempos que corren. É dicir, que a carga poida pasar das 15 Tm, que sexa máis ampla a superficie de carga, etc. En outubro terán resposta.

### A oposición de Santiso denuncia irregularidades na Cornella

Nos planos das obras aparecen ifraestructuras presupostadas que non están materializadas na área recreativa

Redacción  
Santiso

Os concelleiros da oposición santisense presentaron unha demanda no mes de xuño ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) referente ao estado actual da Área Recreativa da Cornella, no límite coa vila de Agolada. Denuncian que desde o ano 2001 están licitadas e pagadas certas actuacións no parque que non existen na actualidade. Entre elas, a instalación dun maza-



O alcalde xustifica a ausencia co posible "vandalismo"

doiro do liño no cauce do río e de varios paneis explicativos do tratamento desta pranta, á que está dedicada a área. Suman un total de 15.600 euros, certificados e liquidados en catro partidas orzamentarias pero dos que "nada se sabe", segundo asegura o

concelleiro Luís García Campos, de Agrupación Veciñal de Santiso (AVS). Este mesmo edil preguntou polo tema ao alcalde de Santiso, Ramón Villar, nun pleno ordinario. A resposta do rexedor chegoulle por escrito uns días des-

pois. Nela recoñecía que o maza-

### Sobrado foi sede, por primeira vez, dunha proba de dominó

A parella gañadora, veciña do municipio, levou 400 euros en efectivo para cada membro e clasificouse para o campionato galego

Redacción  
Sobrado

Antonio Tato e José Manuel Tomé formaron a parella gañadora desta proba puntuable para o Campionato Galego de Dominó, celebrada no Edificio de Servizos Múltiples de Sobrado dos Monxes o pasado 25 de xuño. A través dos afeccionados sobradenses a este deporte de mesa, a Federación Galega de Dominó decidiu establecer este ano, por primeira vez, unha das probas do campionato neste municipio da Terra de Melide.

Os gañadores, que xogaban na casa, levaron un



INTERNET

Un total de 28 parellas participaron na proba

premio en metálico de 800 euros e o seu correspondente trofeo. O segundo premio foi para unha parella de asturianos, á que

corresponderon 400 euros a repartir, e o terceiro foi para dous coruñeses, que conseguiron un premio de 100 euros para cada un.

Fundado en 1975 por Emilio Ares Lois, este negocio experimentou unha importante renovación hai catro anos

## Mobles Ares, unha empresa con historia que mira cara o futuro

*O empresario melidense Emilio Ares Lois, tras unha ampla vagaxe profesional na área comercial da vila decide, no ano 1975, ampliar a súa base de negocio creando Mobles Ares. Desde aquel ano ata hoxe, o comercio, a vila de Melide e a sociedade en xeral, cambiou e evolucionou, como tamén o fixo a propia empresa. En 2001, Mobles Ares pasa a ser propiedade do matrimonio Ares-Turrado, que acomete unha*

*notable renovación do negocio en todos os sentidos. De 500 m<sup>2</sup> útiles que tiña pasa a ter 1.500, distribuídos en catro andares, cada un deles cunha gama de produtos definida. Ademais, introducen novas técnicas de venda e distribución, así como unha optimización da posventa. Todo isto fai que a empresa mire hoxe cara adiante con optimismo e con proxectos de ampliación a medio prazo.*

### A importancia de adaptarse aos tempos

Mobles Ares ten a maior parte dos seus clientes na Terra de Melide e na súa área de influencia. Sen embargo, é moi importante o volume de negocio propiciado pola clientela que vén doutras vilas e cidades. Pilar Turrado, propietaria da empresa, está convencida de que, no mundo globalizado no que vivimos, as fronteiras son cada vez menos importantes e que, polo tanto, non se pode pretender vivir só do mercado interno melidense, e sobre todo cun produto coma o moble.

Por isto, a publicidade é un dos piares do éxito de Mobles Ares, que frecuentemente inviste en campañas en radio local e autonómica, en folletos comerciais, etc. Os demais piares veñen dados pola calidade no servizo e no produto, a profesionalización e a optimización de recursos a través da informática.



### Optimistas e competitivos de cara ao futuro

Piedad Turrado confésase optimista ao falar dos tempos futuros. Asegura que Mobles Ares está en disposición de competir con calquera tenda de Galicia xa que, aínda que Melide non conta cos índices de poboación dunha cidade, si conta coa vantaxe da apertura do comercio nos domingos, feito que atrae a moitos clientes de fóra. Ademais, Piedad destaca tamén, como valor engadido, a longa tradición comercial que define á vila melidense.

Por outro lado, os propietarios de Mobles Ares considéranse preparados para afrontar os novos retos. O seu negocio está totalmente actualizado e recoñécense capaces de saber o que demandan os clientes e de adaptarse ás novas situacións con profesionalidade e rapidez, uns valores que adquiren cada vez máis importancia no mercado actual.

### Mobles para todo tipo de clientes

Ares é a única tenda de mobles de Melide que pertence á Asociación Galega do Moble, un colectivo que aglutina 44 establecementos do sector distribuídos por toda Galicia e que, como vantaxe principal, ofrece un gran abano de posibilidades en modelos e tendencias cuns prezos moi competitivos, ao alcance de todos os petos.

As parellas máis novas, que mercan ou alugan un piso, atopan nesta liña de moble moitas posibilidades e, ademais, Ares ofrece tamén distintas variedades de financiamento, que facilitan a adquisición do mobiliario necesario para unha vivenda ou oficina. Por outra banda, o produto de Mobles Ares pode satisfacer tamén aos clien-

tes que prefiren o moble máis clásico, e tamén a aqueles que buscan a decoración, o deseño e a vangarda, con pezas de alta calidade. Incluso ofrece a posibilidade de mercar mobles por encargo a través de catálogo. Todo grazas ás relacións comerciais que Mobles Ares mantén con firmas importantes de toda España.



## ASETEM acude á toma de posesión de Pérez Touriño

José Antonio Rodríguez estivo no Obradoiro en representación do empresariado de Melide

Redacción  
Melide

O presidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM) foi convidado por un membro do Bloque Nacionalista Galego a presenzar a toma de posesión do socialista Emilio Pérez Touriño como novo Presidente da Xunta de Galicia.

O acto celebrouse o pasado martes 2 de agosto en dous escenarios diferentes. Primeiro, o novo presidente prometeu o seu cargo no Salón dos Reis do Parlamento de Galicia, ante figuras destacadas da política estatal como o presidente da Generalitat catalana, Pasqual Maragall, o presidente asturiano, Vicente Álvarez, e o aragonés, Marcelino Iglesias. Ademais, tamén quixeron acompañar a Touriño o

Ministro de Administracions Públicas, Jordi Sevilla, e a titular de Agricultura e Pesca, Elena Espinosa. Ademais, estivo tamén presente o Secretario de Organización do PSOE, José Blanco, así como os tres antecesores de Touriño na presidencia da Xunta.

Todos eles trasladáronse despois ata a Praza do Obradoiro, onde estaban os demais convidados: representantes de sindicatos, patronais, asociacións, etc. Entre eles, o presidente do empresariado melidense asociado a ASETEM, José Antonio Rodríguez.

Alí poideron gozar da música da Real Filharmonía de Galicia, e tamén do gaitero Suso Bahamonde, que interpretou a Marcha do Antigo Reino de Galicia.

## ASETEM ofreceu este ano tres cursos de formación gratuítos

Ademais, é entidade oficial para a obtención do diploma de Manipulador de Alimentos

Redacción  
Melide

Ofimática, Prevención de Riscos Laborais e Organización Comercial e Técnicas de Venda. Son os tres cursos que, durante o presente exercicio, ofreceu gratuítamente a Asociación de Empresarios no seu local social.

Todos eles encheron o seu cupo de 15 alumnos, e foron impartidos por profesores acreditados.

Tanto o de Ofimática como o de Prevención de Riscos, que se impatiron no mes de abril, repetiron convocatoria tralo éxito do pasado ano. Sen embargo, é a primeira vez que ten lugar en Melide un curso de Organización Comercial e Técnicas de Venda, pero o éxito da convocatoria indica que podería repetirse o ano



Alumnos de Ofimática durante unha das clases

que vén. Son cursos de formación xestionados pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e pola Confederación de Empresarios de A Coruña.

### Cursos de Manipulador de Alimentos

Ademais, cada tres meses ten lugar, no mesmo local social, unha sesión para

que os traballadores do sector da hostaleiría ou da alimentación obteñan o seu Diploma de Manipulador de Alimentos. ASETEM é unha entidade autorizada pola Xunta de Galicia para xestionar este documento, que evita que os melidenses teñan que desprazarse para poder conseguilo.

## As novas de Melide en todo o mundo coa edición dixital de Cerne

Redacción  
Melide

O xornal Cerne Terra de Melide está na rede de redes desde o pasado mes de maio. Calquera persoa con acceso a Internet pode ler ás súas páxinas desde calquera parte do mundo entrando na web: [www.asetem.com](http://www.asetem.com).

O día 15 de cada mes, como a edición en papel, está dispoñible un novo número deste xornal, con toda as novas da vila de Melide e da súa comarca, así como con información de interese empresarial.

## Novas sinaturas no Libro de Ouro de ASETEM



No presente exercicio, dúas autoridades asinaron o Libro de Ouro da Asociación de Empresarios Terra de Melide: o vicepresidente da Xunta de Galicia (entón candidato á presidencia) Anxo Quintana (foto esquerda), e o presidente da Federación Galega de Comercio, José M<sup>a</sup> Seijas (foto dereita). O primeiro fixoo o día 13 de maio, tras un xantar con empresarios do Polígono Industrial da Madanela, que continuou coa visita ás instalacións de ASETEM e o posterior paso pola Cooperativa Melisanto. O segundo, José M<sup>a</sup> Seijas, asinou o Libro o 27 de maio, nun acto preliminar á cea de confraternidade de ASETEM, á que acudiu como invitado de honra. Ademais, as instalacións da Asociación recibiron tamén a visita de dous representantes da Deputación de A Coruña, os deputados Pablo Villamar e Socorro Cea, que se interesaron polas actividades do colectivo e escoitaron as súas demandas relacionadas coas competencias do organismo provincial.

## Máis de cen persoas acudiron á cea de confraternidade da Asociación de Empresarios

No habitual discurso do presidente, José Antonio Rodríguez destacou o crecemento de ASETEM no último exercicio, tanto en nómina de asociados como en movemento económico e en actividade

Redacción  
Melide

O restaurante Sony de Melide encheu o seu comedor o pasado 27 de maio con máis de cen empresarios e empresarias da bisbarra. ASETEM celebrou a súa cea anual de confraternidade acadando un importante éxito de convocatoria, que destacou, sobre todo, pola notable presenza de empresariado xoven.

Autoridades políticas e empresarias de toda a Terra de Melide quixeron tamén estar presentes nesta reunión. Así, na mesa presidencial acompañaron a José Antonio Rodríguez o presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas, o presidente da Cámara de Comercio, Jesús Asorey, a presidenta da Fundación Terra de Melide,

Dolores Rodríguez, e o presidente da área de promoción económica e emprego da Deputación de A Coruña, Pablo Villamar. Tamén acudiu o alcalde de Santiso, Ramón Villar, e representantes das corporacións municipais de Melide e de Toques, así como o delegado comar-



De esquerda a dereita: Pablo Villamar, José M<sup>a</sup> Seijas, José A. Rodríguez, Dolores Rodríguez e Jesús Asorey

cal do sindicato UXT, David Barrio.

O presidente de ASETEM quixo agradecer a presenza das autoridades e a de todos os socios que acudiron á cea, a quenes ofreceu un discurso no que destacou, sobre todo, o crecemento experimentado pola Asociación no último exercicio. De feito, nestes momentos rebasa xa a barreira dos 140 socios, a cifra máis alta desde a súa

fundación, en 1989. Ademais, Rodríguez asegurou que desde as oficinas de ASETEM xestionanse anualmente uns un cen mil euros, e quixo destacar tamén o traballo activo do colectivo dicindo que "cada ano seguimos loitando polos intereses da empresa e do comercio da comarca". Por outra parte, Rodríguez fixo fincapé na importancia do asociacionismo, do que afirmou que


"nos permite facernos máis fortes para defendernos e tamén para atacar, é dicir, para defender os nosos intereses".

Deste xeito, a Asociación de Empresarios Terra de Melide pechaba oficialmente o exercicio 2004, co seu balance de contas e a súa memoria anual, que foi entregada aos socios que acudiron á Asemblea Xeral Ordinaria celebrada unha semana antes da cea.

### Premios para catro empresas de Melide

ASETEM premiou este ano a catro das súas empresas asociadas, establecendo para iso catro categorías diferentes.

Unha delas foi a do Desenvolvemento Comercial, que se lle outorgou a Supermercados García, destacando sobre todo a súa capacidade para comeptir coas grandes áreas do seu mesmo sector. Unha segunda distinción foi para Canteras de Richinol, baixo o epígrafe do Desenvolvemento Empresarial, debido ás súas elevadas cifras de produción e á súa antigüidade na comarca. O premio á Proxección Exterior foi para Lácteos Terra de Melide, que exporta o nome da vila a varios lugares de toda España. E, por último, a empresa Construcciones Pambre foi premiada na categoría da Implicación Activa con ASETEM, en agradecemento pola súa notable colaboración co colectivo empresarial.



### Espectáculos SITO MARIÑO

Pirotécnica Sionlla

ESPECIALIDAD EN: PALCOS PARA FIESTAS Y ATRACCIONES

CONTRATACIÓN DE: BANDAS, ORQUESTAS Y ATRACCIONES

REPRESENTANTE

Bar Carburo-Parrillada

Tlfno: 981 51 58 30 - 680 25 17 15

Villamor, Toques



# A Sinfónica de Melide abre as festas de San Roque, amenizadas con once orquestras máis

Sete días de celebracións nos que non van faltar os desfiles de bandas nin a música tradicional

Redacción  
Melide

A Orquestra Sinfónica de Melide, con doce anos de antigüidade e ubicada pola crítica entre as tres mellores de Galicia, vai ser quen dea a benvida ás festas grandes de Melide, as que honran a San Roque. Despois dunha mañá de música e baile tradicional a cargo do grupo de gaitas Froito Novo, ás once da noite do día 15 dará comezo un repertorio lírico composto por arias, dúos e oberturas ao que porán voz o tenor Francisco Heredia e a soprano Cecilia Gallego. A Traviata de Verdi e a Carmen de Bícet, entre outras, deleitarán aos ouvintes que queiran disfrutar deste espectáculo, dirixido por Fernando Vázquez Arias e que ten prevista unha hora e media de duración. A Sinfónica



Imaxe de arquivo da Sinfónica de Melide

estrénase así co xénero da ópera, co que ten proxectado continuar nos vindeiros meses a través do espectáculo "Gala Lírica", para o que veñen de recibir unha axuda de 60.000 euros da Deputación de A Coruña.

## Espectáculo de bandas, grupos e orquestras

As festas do San Roque continúan durante toda esa semana. O martes 16, as bombas de palenque, xunto coa Banda

Municipal de O Rosal e o grupo de gaitas Axóuxere, van espertar aos veciños con música e animación a partir das once da mañá. Xa pola tarde, ás oito e media, actúa na igrexa a Coral Polifónica da vila, e a verbena corre a cargo das orquestras Gran Parada e Casablanca y Mayel.

Unha mañá parecida vai ser a do mércores 17, nesta ocasión co grupo de gaitas Os Melidaos e coa Banda

Unión Musical de Valladares. Panorama e Noche de Estrellas vanse encargar de amenizar a noite.

Pero o día grande para as bandas de música vai ser o xoves 18, no que tras unha nova mañá de pasarrúas acompañados tamén do grupo de gaitas A Maristela, celebrarán o seu certame ás sete da tarde. A Banda Municipal de Melide, a Isabel II de Touro, a Municipal de As Pontes e de Cee darán paso á verbena da noite, coas orquestras Olympus e Abanico.

Os nenos van ser os protagonistas nas actividades do venres 19, "Día do Neno". Teñen barracas e xeados á súa disposición e, os máis afeccionados ao fútbol, no poden perderse o partido entre o Melide Fútbol Sala e o Talavera Fútbol Sala, un equipo da

División de Prata que disputará co anfitrión o V Trofeo Concello de Melide. Xa pola noite, van poder bailar na verbena coa orquestra Philadelphia e coa Panamá.

O día 20 vai ser o máis tranquilo, xa que haberá que esperar á noite para disfrutar da celebración con música e baile, nesta ocasión, a cargo do grupo Cinema e da orquestra Babilonia.

## Fin de Festa

O domingo, 21 de agosto, vai ser a orquestra Foliada a encargada de pór o punto final a este San Roque 2005. Pero ademais, a xuventude vai poder disfrutar dun espectáculo feito á súa medida, o Disco Show Spacemusic, con música pinchada e mesturada por varios DJ's, que marcarán o ritmo co que se van mover as/os go-gos e a xente que os acompañe.

## Cine na rúa en Melide e Sobrado

Seis filmes entre o 29 de xullo e o 23 de agosto

Redacción  
Melide

O ciclo "Noites de Cine", organizado pola Deputación de A Coruña, estreábase na nosa comarca o pasado venres 29 de xullo coa proxección, no Cantón de San Roque, do drama franco-suízo *Los chicos del coro*. Tres días despois, o Concello de Sobrado foi sede dunha das proxeccións estrela; a da oscarizada *Mar Adentro*, de Alejandro Amenábar, que conta cun numeroso elenco de actores e actrices galegas. Tamén en Sobrado, o día 3 de agosto, puidemos ver

unha película un pouco máis alegre que as anteriores, a última aposta da factoría Disney, *Los Increíbles*. *Big Fish*, de Tim Barton, foi o segundo filme proxectado no melidense Cantón de San Roque, o 4 de agosto. E catro días despois, Sobrado volveuse a converter en sala de cine co mítico clásico reeditado en 2004, *El Rey Arturo*.

A última proxección vai ser de novo no Cantón de San Roque, onde poderemos ver, o día 23 de agosto ás 22.30 h., a película futurista de animación *Guardianes del Espacio*.

## Os alumnos do curso de pintura expuxeron as súas obras

18 cadros de rapaces e rapazas de entre 7 e 17 anos

Redacción  
Melide

A Concellería de Cultura do Concello de Melide organizou, por terceiro ano consecutivo, unha exposición dos cadros pintados polos alumnos e alumnas do curso de pintura. Estivo dispoñible para os visitantes na Biblioteca Pública entre o 18 e o 30 de xullo e, segundo os organizadores, tivo moi boa acollida. Entre as pinturas, predominan sobre todo as paisaxes mariñas ao óleo, realizadas por nenos e nenas de entre 7 e 17 anos ao longo do curso, impartido pola



Unha exposición anual desde o verán de 2002

profesora Asunción na cidade de A Coruña, Monterroso, natural da parroquia melidense de Moldes. Aínda que reside na cidade de A Coruña, trasládase á vila todos os sábados para poder dar as clases.

### Actividades ocio-culturais destacadas durante 2005

## Melide acolleu a rodaxe de catro tempadas de *Libro de Familia*

A serie da TVG alcanza semanalmente unha media do 30% de share

Redacción  
Melide

Numerosos melidenses participaron como figurantes na rodaxe dos exteriores da serie de produción galega ambientada nos anos 60 *Libro de Familia*, que escolleu a vila de Melide como escenario, combinada co Plató 1.200 de Montouto (Teo), onde se gravan os interiores.

En setembro de 2004 comezaban a rodar os primeiros capítulos, que se emitiron pola TVG a partir de xaneiro. O éxito inicial da serie fixo que pronto comezara a rodaxe dunha segunda, dunha terceira e dunha cuarta tempadas, de 13 capítulos cada unha, que seguen a manter unha media de cota de pantalla de arredor do 30%. Todo un éxito.



Imaxe da Praza do Convento nun día de rodaxe

A Praza do Convento e a vella escola de Baltar son os escenarios melidenses máis utilizados polo equipo de rodaxe, con Mariana Carballal á fronte da dirección da serie e con José María Besteiro (da empresa Editorial Compostela) á fronte da produción.

A ficción da serie converte

a Melide nunha vila chamada Santalla, e fai que retroceda corenta anos no tempo, recuperando elementos case esquecidos, como as vendedoras de alimentos na Praza do Convento ou a fonte que a decoraba naqueles tempos, recuperada nunha réplica de cartón-pedra.

## *Os pecados capitais* é a obra gañadora do V Certame Literario “Terra de Melide”

O seu autor, un ribeirán de 49 anos, levou 6.000 euros en metálico

Redacción  
Melide

Francisco A. Vidal foi este ano o autor da obra elixida polo xurado como gañadora da quinta edición do Certame Literario “Terra de Melide”, un concurso que leva xa cinco anos premiando, desde esta vila, aos escritores e escritoras que usan a lingua galega nas súas obras. O premio consiste na entrega de 6.000 euros en metálico e na publicación, a finais deste verán, da obra gañadora, pola editorial Francka Editora.

*Os pecados capitais* foi

elixida como gañadora entre as 26 obras presentadas pola totalidade do xurado, formado por tres escritores, un filólogo e o editor, Franck Meyer. Conta a historia dunha persoa que quere triunfar sen emigrar nun país de emigrantes e que, empezando co contrabando de tabaco, acaba por se converter en narcotraficante millonario.

O seu autor, o veciño de Ribeira Francisco A. Vidal, ten 49 anos, colabora en prensa desde o ano 1977 e xa gañara anterior-

mente outros premios literarios. Foi presentado publicamente o pasado 7 de xuño no Concello de Melide, data na que se conmemora o 72º aniversario da publicación do emblemático libro *Terra de Melide*, editado en 1933 polo Seminario de Estudos Galegos e homenaxeado en cada edición deste certame.

Francisco A. Vidal voltará a Melide a finais do verán, a presentar a súa obra *Os Pecados Capitais*, cando xa estea publicada por Francka Editora.

## Concentración de motos, exhibición de Quads, e Tunning

Uns 200 moteiros e case 70 quads fixeron ruxir os seus motores en cadansúa xuntanza



Varios afeccionados organizaron a I Xuntanza de Quads



A II Concentración de Motos organizouna o Motoclub

Redacción  
Melide

O mundo do motor foi o protagonista de dous eventos durante este ano na vila de Melide, e continuará séndoo durante a fin de semana do 27 e 28 de agosto, na que se celebra a 9ª Concentración *Kapytal Tunning Melide*.

O Venres Santo, 25 de marzo, foi a data elixida polos afeccionados aos Quads e ás motos de monte para reunir a unhas setenta persoas de diversos lugares de Galicia e facer xuntos un percorrido polos montes da Terra de Melide (o Bocelo, Brañas-Toques, Serra do Careón...). Foi a primeira

experiencia deste tipo na vila, na que tamén colaborou ASETEM, e os organizadores esperan poder repetila o ano que vén.

Máis entrado o verán, na fin de semana do 11 e 12 de xuño, arredor de 200 moteiros concentráronse no Pazo de Congressos e Exposicións da vila, nun evento organizado polo Motoclub Melide por segundo ano consecutivo. A actividade estrela da xornada foi a exhibición de acrobacias sobre dúas rodas que fixo o portugués Paulo Martinho, e durante as horas restantes, os participantes compartiron a súa afección polos cabalos de aceiro entre comidas, ceas e copas por Melide.

### Actividades ocio-culturais destacadas durante 2005

## Melide é sede oficial dunha asociación de conservatorios

Constituíuse o pasado mes de abril con 15 socios fundadores



O conservatorio de Melide está no Edificio Multiusos

Redacción  
Melide

A Asociación Galega de Conservatorios Municipais (AGACOM) nace co obxectivo de defender os intereses dos conservatorios e escolas de música de titularidade municipal. Os estatutos e a acta fundacional asináronse o pasado 15 de abril no Edificio Multiusos de Melide, que quedou establecido como sede oficial do colectivo.

Os socios fundadores son un total de quince Concellos que acollen conservatorios municipais e que abranguen as catro provincias galegas.

Arzúa rexenta a presidencia da Asociación durante este primeiro ano de andaina, que despois irá rotando por orde alfabética. O resto dos cargos da Xunta Directiva quedaron como segue:

Vicepresidencia: O Barco de Valdeorras.  
Secretaría: Melide  
Tesourería: Celanova  
Vocais: Culleredo, O Carballiño, Monforte, Noia, Pontearreas, As Pontes, Redondela, Ribadavia, Verín, Vilalba

e Xinzo da Limia.

Unha das pretensións máis importantes desta nova asociación é a de acadar un financiamento paritario entre os distintos organismos públicos para os conservatorios municipais.

Actualmente, a maior parte dos gastos corren a cargo dos orzamentos de cada Concello, e os socios de AGACOM comezaron xa algunhas xestións para conseguir que os municipios só teñan que correr co 33% do financiamento, que sería completado con outro 33% da Deputación Provincial corespondente e outro 33% da Xunta de Galicia.

**A Deputación achega 20.000 euros ao conservatorio de Melide** Polo momento, a única novidade con respecto á economía dos conservatorios veu da man da Deputación de A Coruña, que aprobou, o pasado 27 de xullo, unha partida de 20.000 euros (o máximo establecido nestes casos) para o conservatorio melidense, que conta hoxe en día con 85 alumnos e 18 profesores.

## A biblioteca de Melide xa ten mascota oficial

Deseñouna Daniel Polo Abad, un rapaz de seis anos

Redacción  
Melide

O verme darredor do lapis que representa á biblioteca municipal desde maio deste ano foi elixido por un xurado de entre 86 debuxos deseñados por alumnos de todos os colexios públicos de primaria da comarca.

O Concello de Melide organizou este concurso coa axuda dos profesores das escolas, que fixeron a primeira selección de debuxos.

O autor da primeira mascota oficial da biblioteca é unha creación de Daniel Polo Abad, un neno de seis anos alumno de primeiro curso do colexio número tres de Melide. Este deseñador novel



O debuxo de Daniel foi elixido entre un total de 86

levo como premio unha cámara de fotos, ademais da honra de ver a súa obra en todas as actividades ligadas á biblioteca.

A decisión do xurado foi

difícil, pero o debuxo de Daniel foi elixido por unha ampla maioría dos votos.

A mascota foi presentada en acto público o pasado

mes de maio.

## O Certame de Miss Galicia 3ª Idade encheu o Cantón de San Roque

A coruñesa Josefa Fariña levou o máximo galardón

Redacción  
Melide

O ambiente festivo foi o protagonista absoluto da décimo sexta edición do certame Miss Galicia 3ª Idade, que reúne en Melide a mozas e mozas maiores de 65 desde o ano 1994.

O pasado día 3 de xullo, 21 damas luciron as súas gracias sobre a pasarela para conseguiren o título principal, que foi unha vez máis para A Coruña, con Josefa Fariña, do centro social San Diego. Dos sete que había, só quedou na casa o título de Miss Fogenia, que foi para a melidense Carmen Carril. Os modelos masculinos non eran tan numerosos



A alcaldesa de Melide posou coas sete misses

como elas; só sete cabaleiros se atreveron a desfilaren para optaren a unha das dúas bandas deseñadas para eles. A de Mister Guapo foi para Vilanova de Arousa con Daniel

Patricio Mero, que ata bailou unha jota sobre a pasarela. E a banda de Mister Simpático impúxoselle ao

ceder Andrés Coval. O Certame terminou cun concurso de pasodobres.

## Non debemos esquecer...

DAVID BARRIO. SINDICALISTA

É moi importante que, os que percencemos ao colectivo social dos traballadores, teñamos coñecemento dalgúns principios básicos do dereito laboral. Como tales traballadores, a nosa obriga é esixir que se respecten estes principios, e tócalles aos empresarios a

responsabilidade de que se cumbran. As normas e as leis están para ser cumpridas por ámbalas dúas partes. É procedente, neste número de Cerne de vacacións, facer un resumo dunhas poucas normas básicas con respecto ao dereito de descanso.

### Dereito ao descanso necesario

**Vacacións anuais:** As vacacións anuais retribuídas non son substituíbles por compensación económica, e terán unha duración nunca inferior da 30 días naturais. Poderá pactarse unha duración superior en convenio colectivo ou contrato individual.

**Xornada Laboral:** A duración máxima da xornada ordinaria de traballo será de 40 horas semanais. Entre o final dunha xornada e o comezo da seguinte deben transcorrer, como mínimo, 12 horas. O número de horas ordinarias de traballo efectivo non poderá ser superior a 9 diarias (salvo convenio colectivo). Os traballadores menores de 18 anos non poden realizar máis de 8 horas/día de traballo efectivo. Se a duración da xornada diaria continuada excede de 6 horas, debe haber un descanso de 15 minutos, como mínimo, que se considera tempo de traballo efectivo. Para os traballadores menores de 18 anos, o período de descanso será como mínimo de 30 minutos, se a xornada diaria continuada excede de 4,5 horas.

**Horas extraordinarias:** Son as horas que se realicen sobre a duración máxima da xornada ordinaria de traballo. A súa cuantía nunca será inferior ao valor da hora ordinaria, e poden compensarse por tempos equivalentes de descanso retribuído. O número de horas extraordinarias non pode ser superior a 80 ao ano. A súa prestación é voluntaria, salvo pacto no convenio. No poden realizar horas extraordinarias os menores de 18 anos, os que traballen pola noite, e os traballadores da terra.

**Descanso semanal, festas e permisos retribuídos:** Os traballadores teñen dereito a un descanso mínimo semanal

acumulable por períodos de ata 14 días, de día e medio ininterrompido. Os traballadores menores de 18 anos teñen dereito a un descanso mínimo semanal de 2 días ininterrompido. As festas laborais non poderán exceder de 14 ao ano, con dúas locais, e terán carácter retribuído.

**Permisos retribuídos:**

-Matrimonio: 15 días naturais.

-Exames prenatais e técnicas de preparación do parto: tempo indispensable.

-Nacemento fillo/a: 2 días (4 se hai desprazamento).

-Maternidade: 16 semanas, ampliable en 2 semanas máis por fillo no caso de partos múltiples. Este período distribuirase a opción da interesada sempre que as seis últimas semanas se disfruten de maneira inmediatamente posterior ao parto.

-Lactancia: 1 hora diaria que se pode distribuir en 2 fraccións. A muller pode substituír este dereito por unha redución da xornada normal en media hora. Duración: 9 meses.

-Coidado dun menor de 6 anos ou dun diminuído físico ou psíquico que non desempeñe outra actividade retribuída: redución da xornada de traballo coa diminución proporcional do salario.

-Enfermidade grave (cónxuxe, pais, avós, fillos, netos, xenros, noras) de parentes ata o 2º grao de consanguinidade ou afinidade: 2 días (4 en caso de desprazamento).

-Falecemento dos anteriores: 2 días (4 en caso de desprazamento)

-Traslado de domicilio habitual: 1 día.

-Cumprimento de deber público de carácter inexcusable e persoal (asistencia a xuízo, dereito de sufraxio): tempo indispensable.

## Eirexa de San Pedro de Melide

### Reseña histórica dunha desfeita

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS GÓMEZ

A Eirexa de San Pedro de Melide foi Parroquia Matriz até o ano 1842, cando pasou a parroquial ao Convento do Sancti Spiritus, despois da desamortización de 1835. Dende ese ano, a desfeita da primitiva eirexa vai ir en picado, se exceptuamos os arranxos que os irmáns Isidro e Inocencio Fuciños Quintás fixeron nela para evitaren o seu derrubamento máis axiña. Isidro, crego, era o coadxuntor en San Pedro, e desenvolveu un meritorio traballo de catequese cos nenos melidás até finais dos anos trinta. Tódolos arranxos que ían facendo en San Pedro eran sufragados polos devanditos irmáns. Nos anos corenta o abandono foi total. A eirexa e o cemiterio (que xa estaba clausurado dende o 1845) estaban situados na Rúa de San Pedro, á beira do mesmo Camiño Francés.

No ano 1948, o día 30 de agosto, D. Fernando Quiroga Palacios, bispo de Mondoñedo (a onde pertenciamos), vén de visita pastoral a Melide e ordena consiñar dúas disposicións, nas que se fala do estado ruinoso da antiga igrexa, da súa demolición por autorización pontificia, e da construción dunha nova capela colocando na súa fachada a portada románica da antiga e recollendo todos os detalles arquitectónicos e decorativos daquela (sartegos, columnas, capiteis, etc.).

Outorgáronse a D. Venancio Porto Penas, o día 18 de xullo de 1947, os terreos da antiga San Pedro e cemiterio, en poxa legal ao millor postor, na contía de 212.000 pesetas, co compromiso da edificación da nova Capela. A todo isto, hai que subliñar que a vella Capela de San Roque estaba defrente a onde hoxe está a Caixa de Aforros de Galicia, en pleno Campo de San Roque, onde o Concello, daquela, autorizara unhas novas aliñacións, que son as que hai hoxe.

Vén de Crego Ecónomo para Melide D. Xesús Campelo Pérez, que fai constar no

Libro de Fábrica da Parroquia todos os elementos que tiña a Eirexa de San Pedro, e cómo tiña que ser o traslado dos seus fondos para a nova Capela en San Roque.



Pórtico da antiga Eirexa de San Pedro. Anos 30.

Despois de cáseque dous anos de obras na nova Capela, o día 6 de agosto de 1950, ás dez da mañá, e coa asistencia do Excmo. e Rvdmo. Señor Doutor don Fernando Quiroga Palacios, arcebispo de Santiago, a nova Capela do barrio de San Pedro e a San Roque, queda autorizada para realizar o culto en xeral. Asistiron ao acto litúrxico e cívico o alcalde daquela, D. Xosé Luís Vaamonde Fraga, o notario, D. Ángel Gorostiaga Goitisoló, e demais forzas


vivas. Nesta desfeita de San Pedro de Melide tiveron culpa, dende o Bispado até Patrimonio do Estado, pasando polo Concello de Melide. Cando declararon a eirexa en ruínas, Xesús Fuciños Buján remesoulle unha carta ao Ministro "O Conde de Guadalhorce" (responsable de Patrimonio) poñéndoo en antecedentes da desfeita que se ía facer, e do interese do monumento de San Pedro. Non houbo ren que facer.

Até cando van seguir pasando estes atentados ao Patrimonio? Hoxe, por desgracia, aínda ocorren.

Xa que se están a realizar obras na Capela e que se quere musealizar, cómpre lembrar a unha persoa que nos deu, para o Museo, a "Crave de Arco" de San Pedro, D. Xoán Castro Barreiro. A ver se hai persoas que imiten a este veciño e que devolvan algún elemento arquitectónico da antiga eirexa. E xa sabedes, a Capela sita no barrio de San Roque foi bendecida como "Iglesia de San Pedro e San Roque".

**ARQUIVOS:** Parroquial, Municipal e Casa de Pita.

## O humor de onte



Viñeta de Cebreiro publicada no diario El Ideal Gallego no ano 1956.

Arquivo: Irmáns Fuciños Gómez (Casa de Pita)

## O ocio a idades variadas

VANESSA MARTÍNEZ IGLESIAS

Din as tradicións que a vellez recolle sempre as arelas dos tempos mozos, e que moitas veces, cando é posible cumprir soños xa non hai tempo para gozar deles. Melide vive ese fenómeno de primeira man no ámbito das vivendas, que recolle o maior número de labregos xubilados por metro cadrado que ten dado esta vila.

Hai corenta anos, vivir na cidade estaba só ao alcance duns poucos, e Melide era o chanzo anterior. Pero co paso dos anos os vellos soños daquela mocidade da posguerra levan agora aos nosos maiores a escapar da aldea e refuxarse nun piso de oitenta metros cadrados que ule a capital. É un pulo para a vila, para o sector da construción e para a aflu-

encia aos xardíns, pero tamén a constatación dunha realidade que se esvae e que non todos chegamos a comprender.

Se cadra é que os soños se cumpren tarde, cando xa non hai folgo para apagar as velas, pero máis vale tarde ca nunca, aínda que sexan, como di un sabio vello galego, "vaiuras da vellés". Claro que, este sabio de noventa e cinco anos bota o día vendo como pasa o tempo sentado trala súa casa da aldea, falando cos que aínda lle quedan derredor e sen máis ruído ca o das anduriñas que andan a aniñar.

Mentres nas aldeas quedan os que aínda resisten, os coches de condución sen carné transportan xubilados de Melide "ás aldeas",

convertidas, tamén para eles, nun refuxo semiturístico de fin de semana. Nada que obxectar, agás que cando o tempo se bota enriba se cadra tamén habería que modificar os soños e abrir os ollos ás outras moitas oportunidades que ofrece a vida.

Claro que a opción de vivir nun piso é sempre tentadora: vinte millóns que hipotecan á familia de por vida, escoitar todos os días a televisión do veciño, compartir a limpeza da escaleira, formar parte dunha comunidade, cambiarse ao castelán, ser moderno e, sobre todo, ter á man todos os "servizos", non é comparable co aburrimiento dunha casa.

Como mínimo é, e iso si que ten mérito, un soño cumprido.

## Mundo Misterioso A psicofonía

ÁNGEL CURTIS

A psicofonía comezouse a investigar cando o documentalista sueco Friedrich Jürgenson anunciou que, mentres gravaba cantos de paxaros, recollera voces de amigos e familiares mortos. Moitos científicos examinaron as probas, pero aínda hoxe segue sen poder dicirse que sexan veraces, pois a análise dos sons rexistrados segue a ser moi subxectiva.

Estas gravacións foron feitas en 1959, e desde entón son milleiros as mensaxes recollidas electrónicamente, resultando moi discutibles e pouco convincentes. A gravación de posibles mensaxes de entes espirituais nunca se realiza dun modo directo, gravando unha mensaxe clara, senón que adoptan a forma de ruidos fragmentarios, que precisan moitas horas de audición, e unha interpretación moi imaxinativa para poder descifrar una soa palabra, e así, ata conseguir unha mensaxe, de modo que, dependendo de quen descifre estos ruidos pode resultar unha mensaxe moi diferente, e moitas veces esos sons se presentan en diferentes idiomas, dificultando a súa interpretación. A maioría das cintas gravadas non presentan unha protección adecuada contra os ruidos de emisións de onda curta, comunicacións da policía e,

o que se dá máis a miúdo, os ruidos naturais da propia sala de gravación ou do lugar onde se realiza. As investigacións sobre o fenómeno das voces é levado a cabo por enxeñeiros electrónicos cun equipo de investigación modernísimo, e a pesar da ambigüidade das probas obtidas, abstéñense de condenar a psicofonía, e teñen brindado sons para os que non se atopou outra explicación distinta da súa posible orixe paranormal, aínda que esa orixe sexa totalmente descoñecida.

Richard K. Sheargold, investigador británico, acolleu a psicofonía con tanto interese, que chegou a dicir. <<A parapsicología conseguiu, ao fin, o seu grande éxito>>. Poucos anos máis tarde, e tras unha intensa experimentación neste campo, Sheargold confesaba que cada vez era máis escéptico ante os pobres e ambiguos resultados que el e outros investigadores obiveran, e advertía que non era aconsellable unha audición repetida e intensa desas voces tan débiles, pois producía fatiga mental, e fomentaba erros de interpretación. Seguramente pasen anos, ou incluso séculos, antes de que poidamos saber se os espíritos se comunican cos vivos, e o que pretenden dicirnos.

## O Melide de onte



Rúa Principal (Calle Abaixo), no Camiño Francés. Anos 20.  
En primeiro termo (parte esquerda da foto) vemos o edificio que alberga hoxe o Centro Social da Terceira Idade.  
Arquivo: Familia Sierra, Melide (A Coruña)

### ÁNGEL CURTIS

CONOCE TU FUTURO  
"AYÚDATE"

MEJORA TU VIDA

CONSULTA PREVIA CITA  
TELF: 677 670 051

E-mail: [angel\\_curtis@yahoo.com](mailto:angel_curtis@yahoo.com)  
[www.angelcurtis.com](http://www.angelcurtis.com)

## Teléfonos de interese

URXENCIAS	
UrxenciasSanitarias.....061	
Bombeiros.....080	Consevatorio
Incencios Forestais.....085	981507100
ORDE PÚBLICA	
Policía Municipal	
Urxencias.....092	Polideportivo
Melide.....981505003	981507752
Policía Nacional.....091	
Garda Civil	
Urxencias.....062	Centro Social da 3ª Idade
Melide.....981505007	981505706
S.O.S	Parada de Taxis
S.O.S Galicia.....112	981505390
Protec.Civil.....670498848	Albergue Xuvenil
	981507412
	Albergue do Peregrino
	660396822
TRANSPORTES	
Renfe	
Nacional.....902240202	Centro Ocupacional
A Coruña	981505003
Santiago	A.S.E.T.E.M
	981506188
Autobuses	
A Coruña.....981239099	Fundación Terra de Melide
Santiago.....981542416	981507244
Melide.....981505204	I.E.S. de Melide
	981505162
Aeropostos	
A Coruña.....981187200	C.E.I.P n°1.....981505238
Santiago.....981547500	C.E.I.P n°2.....981505929
Vigo.....986268200	Gardería.....981505003
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS	
Atención ao cidadán	
981120012	
Valedor do pobo	
981571900	
Economía facenda	
981545151	
Industria e Comercio	
981544341	
Sevizo Galego Colocación	
981125000	
Teléfono da Muller	
900400273	
Teléfono do Menor	
900444222	
Dirección Xeral de Tráfico	
900125505	
Correos.....902197197	
Auga.....981242322	
Electricidade.....981147200	
Gas.....900760760	
MELIDE	
Casa do Concello	
981505003	
Centro de Saúde	
981506176	
Servizos Sociais	
981505012	

## Autobuses

MELIDE - A CORUNA	MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55,
Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45	14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20
Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
<b>Parada fronte á Cafetería Marta</b>	Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
<b>A CORUÑA - MELIDE</b>	<b>Parada fronte á Pizzería Xoldra</b>
De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00	<b>MELIDE - LUGO</b>
Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00	De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35,
Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
<b>MELIDE - FERROL</b>	Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
De luns a venres: Non hai liña	Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
Sábados: 19.15	<b>Parada fronte ao antigo bar Capitol.</b>
Domingos e Festivos: 19.15	<b>TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila)</b>
<b>Parada fronte á Cafetería Marta</b>	Luns a venres laborables: Saída de Fondevila: 10.20 Saída de Melide: 12.30
<b>FERROL - MELIDE</b>	Domingos excepto último de mes: Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00 Saída de Melide: 13.00
De luns a venres: Non hai liña	Último domingo de mes: Saída de Fondevila: 7.45 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
Sábados: 10.30	<b>MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela)</b>
Domingos e festivos: 17.00	Martes e venres laborables: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 12.30
<b>MELIDE - OURENSE</b>	Domingos excepto último de mes: Saída de Folladela: 8.40 Saída de Melide: 13.00
De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00	
Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00	
<b>Parada fronte á Cafetería Marta</b>	
<b>OURENSE - MELIDE</b>	
De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15	
Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19.15	
Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	

*Horarios aproximados que poden variar ao longo do ano.*

## Actos

AGOSTO
DO 15 AO 21: FESTAS DO SAN ROQUE
- Día 15. Concerto da Orquestra Sinfónica de Melide ás 23.30 horas.
- Día 18. Certame de bandas musicais ás 19 horas.
- Día 19. Día do Neno. Atraccións gratuítas e V Trofeo de Fútbol Sala "Concello de Melide", entre o Melide F.S. e o Talavera F.S. de División de Prata.
- Día 21. Día do Río. Fin de festa para a xuventude co Disco Show Spacemusic.
DÍA 23: Noites de Cine. Proxección do filme <i>Guardianes del Espacio</i> no Cantón de San Roque ás 22.30 horas.
DÍA 24: Teatro do Improvisto 2, coa obra "Non é tan fácil", ás 20.30 na Praza do Convento.
DÍA 25: Semifinais do torneo de fútbol sala no Pavillón de Melide.
DÍA 26: Final do torneo de fútbol sala.
DÍA 27: 1ª Xornada aberta de limpeza do couto do río Furelos, organizada pola Asociación de Troiteiros.
DÍAS 27 E 28: 9ª Concentración Kapytal Tunning Melide.
SETEMBRO
DÍA 3: 2ª Xornada aberta de limpeza do couto do río Furelos, organizada pola Asociación de Troiteiros.
DÍA 4: Celebración da Festa melidense do San Caralampio.
DÍA 10: 3ª Xornada aberta de limpeza do couto do río Furelos, organizada pola Asociación de Troiteiros.

Construcciones Martínez Cordido S.L. foi pioneira na promoción e venda de vivendas en construción ou sobre plano

## “O apoio á xente nova é un seguro de vida para as empresas”

*Manuel Martínez leva 28 anos traballando no sector da construción. Comezou en Palas de Rei, onde ten sede a súa empresa, e no ano 1981 pasou a facer obras en Arzúa ata que, dous anos despois, conseguiu un bo mercado en Melide e na súa comarca. Xa en 1990, decidiuse a montar unha empresa en réxime de Sociedade Limitada xunto co seu amigo e compañeiro Luís Cordido. Nacía así Construcciones Martínez S.L., un negocio de construción e promoción de vivendas que hoxe dá emprego directo a entre 15 e 18 persoas.*

Ledicia Trillo  
Melide

**A xente di que Martínez Cordido é unha das empresas de construción máis importantes de Melide, como se chega a ese nivel?**

Home, nós non somos das máis importantes a nivel de volume económico, pero si considero que fomos protagonistas nesta comarca nun sentido. Mentres que en A Coruña, ou en Madrid, ou en Bilbao, a financiación de vivendas e a venda sobre plano estaba á orde do día, en Melide era algo descoñecido incluso para a propia banca. Nos primeiros anos noventa estaba ata mal visto por algunhas persoas iso das hipotecas, e me atrevería a dicir que aínda hoxe pasa en ocasións. Nós fomos pioneiros neste sentido, porque a partir de 1990, que comezamos coa promoción de vivendas, tivemos que crear unha confianza no mercado que non existía, para que se animara a comprar en construción, e a clientela que collemos daquela foi a base para que hoxe poidamos sacar as cousas adiante.

**Cales son as claves do éxito, dado o nivel de competencia, para unha empresa como esta?**

Eu creo que a clave está, en gran medida, no apoio á xente nova. O futuro está na xuventude, que aínda non ten vivenda, e hai que sacrificarse e apoiála. Xa se sabe que é moito mellor facer unha obra para un señor que che entrega 60.000 euros ao contado,



Manuel Martínez contou a Cerne as súas impresións sobre o sector da construción

pero tamén hai que ter en conta que non se trata só de gañar diñeiro rápido. A xuventude é un seguro de vida para as empresas, nós sempre a apoiamos e sempre nos foi moi ben nese sentido, aínda que sen despreciar a outro tipo de clientes, por suposto. Sen embargo, houbo outros que pasaron da xuventude e non lles deu moi bo resultado, paréceme a min.

**Como ve o sector da construción na comarca? Hai moita demanda de vivenda?**

Vista a cantidade de empresas que hai funcionando, non nos podemos queixar en canto a demanda. Hai que ter en conta que Melide é unha vila que está moi ben situada, é moi céntrica e atrae incluso

poboación nova. Pero existe un problema co emprego feminino. Se en Melide houbera máis traballo para as mulleres, como hai noutros sitios, a

demanda sería superior, porque non é o mesmo que haxa un soldo nunha casa que que haxa dous. Sempre se fala de que hai que incentivar e protexer o emprego feminino, pero para min é algo que falta en Melide.

**Que tipo de construcións son as que máis se venden?**

Pois o que máis se necesita hoxe en día son pisos ou chalets adosados, porque o que quere facer un chalet independente, aínda que

tamén se vende, o normal é que compre el a finca e o faga ao seu gusto.

**E a construción en nucleos rurais?**

Pois está moi difícil desde que a Xunta aprobou ese plan polo que, para facer unha nova vivenda no rural, tes que ter unha gran cantidade de terra e ser agricultor. E é por iso polo que non se constrúe nas aldeas, non porque a xente non queira.

**Cales son, hoxe en día, as tendencias en materiais de construción?**

Pois cada un ten o seu estilo. A nós, particularmente, gústanos traballar con pedra nas fachadas, pero moitos prefiren o ladrillo caravista, ou incluso fachadas máis innovadoras como as ventiladas de aluminio. O que pasa é que

por aquí, as construcións demasiado modernas aínda non están moi aceptadas, chaman demasiado a atención...

**E que hai da calidade? É verdade iso de que as construcións de agora non son duradeiras coma as de antes?**

Non, non é verdade. A construción que se fai agora non é peor que a de antes. Os materiais son de boa calidade, pero a diferenza está en que hoxe, polo ritmo de vida que levamos, as vivendas constrúense en menos tempo, e hai quen quere apurar demasiado. O tipo de construción de hoxe en día, se se fai ben, se se respectan as condicións dos materiais, o seu tratamento, se se espera o tempo necesario para colocar cada cousa, etc, é un nivel de construción moi alto e moi duradeiro.

**Por último, en que está a traballar actualmente Martínez Cordido S.L.?**

Pois estamos terminando vinte e catro vivendas con dúas casas adosadas na Ronda de Pontevedra, tamén unha terceira fase de once chalets, estamos con outras dez vivendas en Garceiras, cos seus baixo e sótanos, estamos empezando unha urbanización de dezasete vivendas na Avenida de Lalín, e temos tamén outras obras pequenas en pisos.

Ademais, temos un proxecto, xa con planos e todo, para facer unha nova urbanización, tamén na Avenida de Lalín, de oito chalets; seis adosados e dous separados.

Faite oír  
con nosa voz

# Cerne

## Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 9. 15 de agosto - 15 de outubro de 2005. Distribución gratuíta.  
Tamén en Internet: [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

REPSOL  
YPF



### Melligas, s.l.

Rda. de A Coruña, 56 - B.  
15800 Melide (A Coruña)



Agencia de  
Repsol Butano  
n.º 15158

